

TESE DE DOUTORAMENTO

**CUMPRIMENTO E ADHESIÓN Á  
ORDENACIÓN DO MARISQUEO EN  
CONTEXTOS INSTITUCIONAIS  
CONCRETOS: ANÁLISE DO FURTIVISMO  
MARISQUEIRO EN GALICIA**

Hugo M. Ballesteros

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL  
PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ECONOMÍA E EMPRESA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2018















*Para Borja, meu companheiro na vida*

*Para Sarah, minha companheira da vida.*



## AGRADECEMENTOS

Sempre pensei que os agradecementos dunha tese son a parte máis importante do documento. Segundo a miña experiencia é imposible desenvolver un traballo tan esixente como este sen o apoio, cariño, orientación e comprensión de moitas persoas. É por iso que o recoñecemento ao esforzo colectivo e ao soporte moral, profesional e sentimental brindado por amigos, familiares e colegas, merece ser escrito con mimo. Prefiro pensar nestes agradecementos como nunha declaración de gratitude, cariño e respecto por todas aquelas persoas que, dalgún xeito, participaron neste proxecto.

A miña vida investigadora comezou en Salvador de Bahía, Brasil, grazas a unha Bolsa MAE-AECID que me permitiu estudar no departamento de Economía Aplicada da Universidade Federal da Bahia. Teño que agradecerlle a MAE-AECID a concesión daquela bolsa coa que comecei miña andanza profesional pero, tamén, porque Brasil mudou miña vida e meu xeito de ver o mundo. En Salvador, o Prof. Ihering Guedes Alcoforado de Carvalho ofreceume todas as facilidades para que a miña estadía fose proveitosa orientándome nos meus primeiros pasos na investigación. Ihering sempre será meu mestre. Muito obrigado.

Na Universidade de Santiago de Compostela dúas persoas foron vitais para que me dedicase á investigación.

En primeiro lugar quero expresar o meu agradecemento sincero a María do Carme García-Negro, quen me acolleu no Grupo de Investigación de Economía Pesqueira e me brindou a oportunidade de desenvolver unha carreira investigadora. Con María do Carme aprendín o amor pola terra, pola profesión, a importancia do noso traballo e a responsabilidade que temos con Galiza e co sector pesqueiro. María do Carme mostroume a beleza de Lugo, ensinoume que a mar é muller, mentres me levaba de paseo polos portos para identificar nomes de embarcacións (Vadarkablar e Yes-Olray foron os nosos favoritos). Moitas grazas por todo. Este traballo e tamén teu.

Gonzalo Rodríguez-Rodríguez foi meu director de tese. A ele débolle a orientación, os comentarios reflexivos, e tamén as palabras de ánimo en momentos de desacougo. Gonzalo fixo unha orientación acertada, sempre dun xeito elegante e mostrando un profundo respecto polo meu traballo. Grazas a ele, conseguimos terminar esta tese. Grazas Gon, polo teu apoio incondicional, polo teu cariño, pola túa comprensión sen limites, polas conversas, as comidas,

as viaxes, e sobre todo, pola túa amizade. Grazas por ensinarme o verdadeiro sentido da lealdade, e transmitirme o teu amor polas pequenas-grandes cousas, esas que son innegociables. Consegúímolos.

A participación en dous proxectos de investigación: “*Táboas Input-Ouput da Pesca-Conservas Galega 2011*”, financiado pola Xunta e Galicia, e no proxecto *Life-iSeas, Knowledge-Based Innovative Solutions to Enhance Adding-Value Mechanisms towards Healthy and Sustainable EU Fisheries*, financiado pola UE, permitíume vivir da investigación e, paralelamente, desenvolver esta tese. Quero mostrar meu agradecemento ás institucións que financiaron os proxectos e aos seus responsables: María do Carme García-Negro e Ricardo Pérez-Martín.

Ademais, teño que agradecer o financiamento recibido polo proxecto: *La reforma de la gobernanza pesquera internacional y europea. Retos para el sector pesquero español*” (DER2013-45923-R) financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade. A axuda recibida permitíume desenvolver os capítulos 2 e 6 desta tese e acudir ao congreso IIFET 18th Biennial Conference 2016. Moitas grazas aos responsables do proxecto J.Pueyo Losa e Julio Jorge Urbina.

Gustaríame agradecer a Beltran Legallic os seus comentarios sobre o capítulo 6, e a Giovanni Herrera e a Ángeles Pereira a revisión que realizaron dos capítulos 6 e 4 desta tese. A Isidro Maya-Jariego, agradézolle o recibimento no seminario de Análise de Redes Sociais na Universidade de Sevilla. Grazas tamén a Carlos Pío polo seu ánimo e pola axuda coa revisión estatística dos tests aplicados nos capítulos 3 e 4. Grazas a Constantino Arce, por recibirme en dúas ocasións para revisar o traballo realizado en SPSS. Quero lembrarme tamén de Natalia Tuñas que fixo un magnífico traballo recollendo datos en Noia, e dos meus compañeiros Francisco Ferreiro, Roberto Bande polo animo e consellos dados. A Sara Fernández López agradézolle a axuda prestada durante o proceso de depósito da tese.

Nalgúns momentos a escritura desta tese foi unha travesía polo deserto. Nesta carreira de fondo que parecía non ter final, os meus compañeiros doutorandos da Facultade de Económicas me deron soporte moral e foron fonte inesgotable de cariño, ánimo e comprensión. Quero expresar miña gratitude a cada un deles.



Ángeles Pereira ten foi unha fonte de inspiración, pola súa valentía, constancia e capacidade de superar obstáculos, pero sobre todo, polo seu enorme talento para a investigación. De Ángeles admiro a súa capacidade de conseguir éxitos nun constante aprender facendo, proceso solitario e, moitas veces, incomprendido. Moitas grazas pola empatía e polas nosas longuísimas conversas. Sen o teu exemplo non tería escrito esta tese.

Jorge Montoto é unha das persoas máis brillantes que atopei na facultade de económicas da USC. Dono dunha capacidade analítica e dunha visión crítica envexables, deu ouvidos a moitas das miñas ideas, dando sempre opinións sensatas e consellos acertados. Jorge brilla agora en Berlín onde o seu talento foi recoñecido. Grazas polo teu apoio, por acompañarme por Galiza facendo enquisas, polas cervexas en Londres, pola amizade sincera e por abrireme as portas da túa casa. Neste punto, non podo esquecer a Gloria Montoto, unha amiga inesperada que tamén me animou durante a miña última etapa en Santiago de Compostela.

Ana Guerra coa súa discreción natural e a súa disposición a axudar brindoume innumerables palabras de ánimo. Moitas grazas Ana, pola túa sensibilidade, polas conversas, polas risas compartidas e polo apoio constante.

Alberto Turnes é brillante en todos os sentidos, é dese tipo de persoas que hai que escoitar cando falan. A Alberto o admiro por ser o mellor economista novo que coñezo, pero sobre todo pola súa honestidade e integridade. Alberto, moitas grazas polos nosos paseos, polos teus comentarios sabios e sensatos, polos bos momentos e por toda a diversión e gargalladas compartidas. Grazas tamén, por ensinarme que hai que ter amor polo que un fai. A túa amizade é unha das mellores cousas que me levo da USC.

O núcleo duro dos meus compañeiros se completa con Adrián Dios, Giovanni Herrera, e Danny Zambrano, moitas grazas compañeiros por todas as vivencias compartidas e polos vosos ánimos, o voso alento foi fundamental para chegar ate aquí. Quero lembrarme tamén doutros amigos doutorandos cos que compartín opinións, charlas e cafés: Fernando, Alicia, Xabi Villares, Pedro Varela e Avelino.

Non podo dissociar a miña vida académica do espazo onde tivo lugar. Durante algo máis de 6 anos ocupei o despacho 218 do departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da USC. Con moitas das persoas que traballan na facultade compartín conversas, inquietudes, risas e bromas. Teño que agradecer de corazón a súa

contribución para facer que ir a traballar cada día fose unha actividade pracenteira. Sei, porque é mutuo, que dalgúns teño o seu cariño e amizade. Agradezo a Juan, Iván e Begoña todos os bos momentos compartidos, as risas que foron moitas e as doses de cafeína que, tal vez, foron demasiadas. Moitas grazas polo voso cariño. Tamén quero lembrarme de Domi, pola súa alegría e proximidade e de Fernanda, pola súa discreción e simpatía. Tamén me gustaría ter unhas palabras de agradecemento para Suso que me recibía con alegría na Biblioteca Concepción Arenal, onde ocupei o posto de investigación N°2 durante un tempo.

A Pablo Gómez Quelle gardareille sempre un cariño especial por botarme unha man sempre que o precise pero, sobre todo, por mostrarme a grandeza de Ourense nas innumerables charlas de veciños que tivemos.

O meu agradecemento en xeral a todos os compañeiros do Departamento de Economía Aplicada, sobre todo a aqueles que me acolleron e me trataron con proximidade dende o primeiro momento: Edelmiro López, Manolo González, etc. Sempre gardarei con moito cariño as anécdotas, as bromas e as charlas compartidas con Javier Rojo.

Fora do ambiente universitario as miñas primeiras palabras de agradecemento deben ser para os meus pais, Ramón e Pitusa. Grazas por facer todo o que estivo nas vosas mans para que crecese feliz. Grazas por todo o voso amor e sacrificio que agora, sendo adulto, entendo e valoro. Déboos todo.

Outro soporte fundamental é meu irmán. Borja é unha fonte de inspiración constante na miña vida, a persoa que máis admiro, o meu exemplo a seguir. Grazas por todos os consellos, as túas ensinanzas, polo teu amor incondicional e pola túa fe cega en min. Quero lembrarme de Inma quen me deu ánimos en todo este proceso, e de Sancho, quen chegou en 2015 como un regalo da vida, traendo unha alegría inmensa e mudando a nosa concepción de familia.

Tamén quero recoñecer o cariño e respecto demostrado por Ligia Dantas e Suzi Albagli. Muito obrigado a Ligia quem com devoção maternal, cuidados e conselhos se tornou a minha mãe brasileira. Também quero mostrar a minha gratidão a Suzi quem com inteligência, amor e respeito me acolheu na família e me ajudou sempre que o precisei. Ademais, levarei comigo as reflexións que Giga Albagli me ten dedicado nestes anos.

Grazas tamén a Saturnino Valladares, Juanma Sánchez Arteaga, Pierre Floch, Ricardo Dantas, Sebas Garrido, Miguel Fernández, Leo Sebiani, Bruno Luedi, por ser a miña outra familia brasileira. Muito obrigado irmãos!

Sergio Pereira e Gustavo Pérez representan a amizade. Grazas por compartir comigo o camiño, grazas pola vosa amizade incondicional e sincera, grazas pola confianza mostrada en min e por todas as vosas palabras de ánimo e cariño. Sen vós non tería chegado ate aquí. A Sergio e Gustavo está ligada a imaxe de Redondela, de onde me sinto parte, e de onde tamén son un grupo de persoas que me importan: Farru, Óscar, Julián, Xela, Dani, Iago, Pablo, Fran, Diana, Silvia, Jandro, JC, Eladio, Borja, Cris, Juan, Paula, Conchi, Chos, Uxía, María, Olalla, Lúa, Alba, Almu, Adri, Pablo, David, Gael, Diego, Belén, Ana, Luís, Andrés. Todos son parte do que eu son.

Iago Velo foi un anfitrión inmejorable todas e cada unha das veces que me acolleu en Santiago. Moitas grazas Iago pola túa axuda e amizade.

Diana e Jorge, me acompañaron A Coruña e Aguiño a entender un pouco mellor o furtivismo. Ademais, Diana transmitíume o seu ollar profundo e intelixente sobre as historias que merece a pena mostrar. Esta tese é a historia que eu decidín contar. Grazas a ambos polo apoio.

Teño que recoñecer o cariño e empatía de varios amigos que me animaron e inspiraron para que puidese terminar esta tese. David Espasandín, Elena, Wlad, Paula, Suana, Nacho, Marlio, Yamilé, Farru e Ana. De entre eles teño que facer unha mención especial a Elena Balboa e David, os que me dedicaron longas sesións de coaching. Moitas grazas pola axuda.


En moitos sentidos o tenis axudoume a desenvolver a tese. Foi unha actividade que me deu desafogo, equilibrio e alegrías. A todos os compañeiros do Clube de Tenis Compostela, Alex, Luís Feijoo, Xoán, Joaquín, Nati, Milu, Simón, etc, moitas grazas polas horas nas pistas. Many thanks also to my new tennis friends from Paddington Sports & Tennis Club: Bogdan, Haruki, Hugo Lemaire (*Merci pour votre soutien et pour votre amitié inattendue*) and Reza Ghadiri-Zare.

Quero darlle as grazas a Marilza por axudarme en Londres e acollerme na Real Action compartindo, ademais, o seu interese pola investigación. Tamén quero recoñecer o cariño da nova familia londiniense Nino, Franco, Bavi, Thiago Carol, Lucas, Quetzal, Thiago, David, Nick, Steffan, Lucy, Camilla, que fixeron que emigrar fose máis doado.

Quero lembrarme de toda a xente do mar que participou neste traballo dun modo desinteresado, dedicándome o seu tempo e sabedoría. Moitas grazas.

Sarah Albagli guiou cada una das palabras escritas nesta tese, que existe só porque ela decidiu me apoiar con paciencia e respecto durante anos. Muito obrigado pelo sacrifício que você fez, só eu sei que foi bem maior do que o meu. Tomei seus dias, suas horas e muitas vezes estive ao lado sem estar presente, tirando experiências e momentos das nossas vidas para finalizar este projeto. Levarei no coração uma gratidão imensa pela sua demonstração de generosidade e amor constante. Sarah, você é minha família, essa que é própria por que é a que construímos juntos. Caminho com você porque você brilha e me ilumina, porque você me inspira, porque não existe uma outra pessoa que admire com mais intensidade, amor e respeito. Você é o meu lugar no mundo. Infinitamente grato.

Estes agradecimentos foron escritos en Boipeba, Moreré, Itacaré, Ilheus e Salvador, Brasil, durante Fevereiro de 2018. Escribín sempre ollando a mar, a mar brasileira que tanto amo. No horizonte busquei a costa galega e alí, na miña casa, atopeivos a todos. Moitas grazas.



## RESUMO

O furtivismo foi definido como o principal problema do sector marisqueiro galego (Sequeiros 1995; González Arias et al., 2011; Alló and Loureiro 2017). Nesta tese desenvolveuse unha liña de investigación sobre o furtivismo marisqueiro en Galicia, o cal foi entendido como a falta de adhesión voluntaria á ordenación marisqueira e as leis de pesca (*non-compliance*). O furtivismo marisqueiro foi contextualizado, definido e descrito ao longo deste traballo, tomando a información de dous estudos de caso que proporcionaron abundante información, cuantitativa e cualitativa, sobre o furtivismo marisqueiro. O primeiro dos estudos tivo lugar durante o período 2012-2015, no que se realizaron 48 entrevistas en profundidade e 55 enquisas a membros relevantes das confrarías de pescadores galegas. O segundo estudo de caso foi desenvolvido na comunidade de mariscadoras de Noia durante o ano 2017. En Noia foron aplicadas 95 enquisas a mariscadoras locais.

A achega central deste traballo foi presentar as potencialidades da co-xestión dos recursos nas comunidades marisqueiras galegas, enfatizando a súa capacidade para intervir na xestión adaptada do furtivismo. Catro vectores fundamentais de estudo foron abordados nesta tese: a) En primeiro lugar, explorouse o ambiente institucional comunitario e os arranxos informais que se poden materializar neses contextos, arranxos que non só se combinan ou complementan coas *regras do xogo* definidas polo goberno galego para a ordenación formal do marisqueo, ademais poden condicionar a xestión do furtivismo (Xunta de Galicia, 2008); b) ao redor da esfera institucional informal e da súa influencia e implicacións na xestión, foi abordada a posible tolerancia do furtivismo nas comunidades de mar; c) profundouse no estudo das comunidades marisqueiras como espazos institucionais ricos e complexos, o que permitiu enxergar os seu lindes definíndoos segundo a percepción das mariscadoras e mariscadores galegos; d) Satisfacendo a premisa de que cada tipo de furtivo debe ser combatido dun modo adaptado, elaborouse unha clasificación de furtivos, exclusiva e exhaustiva. Esta clasificación non só viu a encher un baleiro teórico na literatura sobre furtivismo, ademais creouse co fin de orientar políticas de acción específicas que melloren a xestión adaptada do furtivismo marisqueiro.

**Palabras Chave:** Furtivismo, co-xestión, xestión informal, tolerancia, tipoloxía, adhesión, comunidade.

## RESUMEN

El furtivismo ha sido definido como el principal problema del sector marisquero gallego (Sequeiros 1995, González Arias et al., 2011, Alló y Loureiro 2017). En esta tesis se ha desarrollado una línea de investigación sobre el furtivismo en Galicia, el cual ha sido entendido como la falta de adhesión a la ordenación marisquera y las leyes de pesca (non-compliance). El furtivismo marisquero ha sido contextualizado, definido y descrito a lo largo de este trabajo, tomando la información de dos estudios de casos que proporcionaron abundante información cuantitativa y cualitativa sobre el furtivismo marisquero. El primero de los estudios tuvo lugar durante el período 2012-2015, en el que se realizaron 48 entrevistas en profundidad y 55 encuestas a miembros relevantes de las cofradías de pescadores gallegas. El segundo estudio de caso se desarrolló en la comunidad de Noia durante el año 2017. En Noia se aplicaron 95 encuestas a mariscadoras locales.

La contribución central de este trabajo ha sido presentar las potencialidades de la cogestión de los recursos en las comunidades marisqueras gallegas, enfatizando su capacidad para intervenir en la gestión adaptada del furtivismo. En esta tesis se han abordado cuatro vectores fundamentales de estudio: a) En primer lugar, se ha explorado el entorno institucional comunitario y los arreglos informales que podrían materializarse en esos contextos. Estos arreglos pueden complementar o combinarse con las *reglas del juego* formales definidas por el gobierno gallego para la gestión formal del marisqueo (Xunta de Galicia, 2008). Esta interacción entre reglas formales e informales puede afectar al manejo del furtivismo; b) en torno a la esfera institucional informal y a su influencia en la gestión, se abordó la posible tolerancia del furtivismo en las comunidades de mar gallegas; c) se profundizó en el estudio de las comunidades marisqueras como espacios institucionales ricos y complejos, lo que permitió delinear sus límites de acuerdo con la percepción de las mariscadoras; d) satisfaciendo la premisa de que cada tipo de furtivo debe combatirse de forma adaptada, se desarrolló una clasificación de furtivos, exclusiva y exhaustiva. Esta clasificación, no sólo cubre un vacío teórico existente en la literatura sobre el furtivismo, también se ha creado para guiar políticas de acción específicas que puedan mejorar el manejo adaptado del furtivismo marisquero.

Palabras Clave: Furtivismo, cogestión, gestión informal, tolerancia, tipología, adhesión, comunidad.

## SUMMARY

Poaching has been defined as the main problem of the Galician shellfish sector (Sequeiros 1995, González Arias et al., 2011, Alló and Loureiro 2017). In this thesis, a research on the shellfish poaching has been developed, which has been understood as the non-compliance with fishing laws. Shellfish poaching has been contextualized, defined and described throughout this work, taking the information from two case studies that provided abundant quantitative and qualitative information about the issue. The first of the studies took place during the 2012-2015 period, in which 48 in-depth interviews and 55 surveys were conducted to relevant members of the Galician fishermen's associations. The second case of study was developed in the community of Noia during the year 2017. In Noia 95 surveys were applied to local shellfish gathers.

The central contribution of this work has been to present the potentialities of the co-management in the Galician shellfish gatherers communities, emphasizing its ability to influence in the adapted management of poaching. In this thesis four fundamental vectors of research have been addressed: a) the community as an institutional environment and the informal arrangements which can take place on it have been explored. Specifically has been studied how the informal institutional arrangements may condition the management of poaching; b) around the informal institutional sphere and its influence in the management, the possible tolerance of poaching in the Galician sea communities was addressed; c) deepened in the study of shellfish gatherers communities as complex institutional spaces, which allowed it to observe its limits in accordance with the perception of shellfish gathers; d) Satisfying the premise that each type of furtive must be fought in an adapted manner, an exclusive and exhaustive poacher's classification was developed. This classification not only fulfils an existing theoretical gap in the literature about poaching, it has also been created to guide specific policies which may improve the adapted management of the Galician shellfish poaching.

Keywords: Poaching: co-management, informal management, social acceptance, typology, non-compliance, community.





## ÍNDICE

AGRADECEMENTOS .....	9
RESUMO .....	15
ÍNDICE.....	19
LISTA DE TÁBOAS .....	25
LISTA DE FIGURAS .....	27
LISTA DE GRÁFICOS.....	27
1 INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN .....	31
1.1 Pregunta de investigación .....	33
1.2 Obxectivos e estrutura da tese.....	34
1.3 Metodoloxía.....	36
1.3.1 Primeiro estudo de caso.....	36
1.3.2 Segundo estudo de caso.....	38
2 ANÁLISIS DEL FURTIVISMO MARISQUERO EN GALICIA: INCENTIVOS ESTRUCTURALES PARA LA EXTRACCIÓN ILEGAL DE MARISCO.....	43
2.1 Introducción y objetivos del capítulo.....	43
2.2 El marisqueo gallego como actividad socioeconómica relevante.....	44
2.3 Aproximación cualitativa y recogida de la información.....	45
2.4 Incentivos estructurales para la práctica del furtivismo.....	46
2.4.1 Furtivismo es fácil de practicar .....	46
2.4.2 Abundancia y heterogeneidad de furtivos .....	47
2.4.3 Fácil y rápida comercialización del marisco ilegal .....	49
2.4.4 Ambivalencia en la percepción del marisqueo ilegal y aceptación social del furtivismo .....	52
2.4.5 Difícil control, detección y castigo de los furtivos.....	53

2.5	Discusión y comentarios finales .....	56
3	GOOD AND BAD POACHERS: LESSONS IN MANAGING POACHING FROM THE GALICIAN SHELLFISH SECTOR.....	63
3.1	Co-management and poaching tolerance .....	63
3.2	The shellfish industry in Galician coastal communities .....	64
3.3	Chapter's Methodology .....	66
3.4	Reasons for shellfish poaching, Types of Poacher & Social social acceptability of shellfish poaching in Galicia .....	66
3.4.1	Reasons for shellfish poaching in Galician coastal communities.....	66
3.4.2	Types of poacher .....	69
3.4.3	Assessing the social acceptability of shellfish poaching in Galicia .....	71
3.5	Discussion .....	73
4	ECONOMIC CRISIS AND POACHING .....	81
4.1	Poverty and Poaching .....	81
4.2	Figures of Galician shellfish industry .....	82
4.3	Theoretical framework.....	83
4.4	Chapter's Methodology .....	86
4.5	Quantitative and qualitative results.....	87
4.5.1	Quantitative Results.....	87
4.5.2	Qualitative Results: The Vicious Circle of Galician Poaching (VCP).....	90
4.6	Discussion .....	92
4.7	Chapter's concluding remarks .....	96
5	A COMUNIDADE COMO FACTOR EXPLICATIVO DA ACEPTACIÓN DO FURTIVISMO.....	101
5.1	Non-Compliance e aceptabilidade do furtivismo .....	101
5.2	Métodos do capítulo.....	103
5.2.1	Notas contextuais sobre a comunidade de estudo .....	103

5.2.2	Recollida de información e enquisa.....	105
5.2.3	Análise dos datos.....	106
5.3	Achegas cuantitativas e achegas descriptivas.....	107
5.4	Discusión do capítulo.....	112
5.5	Consideracións finais do capítulo.....	117
6	CLASSIFICATION OF POACHERS FROM GALICIAN SEA: FOUR TYPES TO RULE THEM ALL.....	123
6.1	Aims of the chapter.....	123
6.2	Theoretical premises and pathway to get a poachers classification.....	124
6.2.1	Theoretical premises.....	124
6.2.2	Theoretical pathway to get a poacher's classification.....	125
6.3	Classification criteria for a poachers typology: the relevance of formal and informal property rights for classifying poachers of natural resources.....	126
6.3.1	First classification criteria: holding formal property rights.....	127
6.3.2	Second classification criteria: holding informal property rights.....	128
6.4	A generic classification of poachers in terms of property rights: Four types to rule them all.....	131
6.5	A cartesian plane of poachers.....	132
6.6	A ranking of galician shellfish poachers by formal and informal property rights...	133
6.7	A classification of galician shellfish poachers.....	136
6.8	Chapter concluding remarks.....	138
7	EVIDENCIAS EMPÍRICAS PARA A XESTIÓN DO FURTIVISMO: CONFLUENCIA DOS ENFOQUES NORMATIVO E INSTRUMENTAL PARA COMABATER O FURTIVISMO MARISQUEIRO EN GALICIA.....	143
7.1	Obxectivos do capítulo.....	143
7.2	Fontes de información.....	145

7.3	Percepción dos usuarios formais dos recursos sobre medidas para terminar co furtivismo e adhesión ás normas .....	145
7.4	Medidas para combater o furtivismo marisqueiro en Galicia.....	149
7.4.1	Medidas para os furtivos comunitarios alleos ao sector marisqueiro.....	151
7.4.2	Medidas para os furtivos comunitarios pertencentes ao sector marisqueiro. ...	152
7.4.3	Medidas para os furtivos alleos á comunidade e pertencentes ao sector marisqueiro. ....	157
7.4.4	Medidas para os furtivos alleos á comunidade e alleos ao sector marisqueiro.	158
7.5	Consideracións finais .....	159
8	CONCLUSIÓNS .....	165
8.1	Conclusións xerais .....	165
8.2	Principais achegas por capítulos .....	165
8.3	Futuras liñas de investigación.....	171
9	BIBLIOGRAFÍA .....	175
10	ANEXOS.....	201
10.1	Estudo de Caso 1. Enquisa: Identificación das características do furtivismo marisqueiro nas confrarías de Galicia. ....	201
10.2	Estudo de Caso 1. Entrevista En profundidade.....	207
10.3	Estudo de Caso 2. Enquisa.....	209





## LISTA DE TÁBOAS

Table 1 Types of shellfish poacher active in Galicia, as defined by respondents .....	71
Table 2 Hypotheses of the acceptability of poaching in Galician shellfish-growing communities: the results of applying Pearson's chi-square and Cramer's V tests.....	73
Table 3 Hypothesis of relationship between Economic Crisis and increase in poaching in fishermen guilds during the period 2008-2012. Use of Chi-squared ( $X^2$ ) and Cramer's V Test. ....	90
Táboa 4. Tolerancia do furtivismo agrupado por motivación e individuos. Test U de Mann-Whitney .....	109
Táboa 5 Relación entre a tolerancia do furtivismo marisqueiro de comunitarios e motivacións para a práctica do furtivismo na comunidade de mariscadoras de Noia. Test estatístico t-Student.....	110
Táboa 6 Grado Medio de Tolerancia ao Furtivismo e Grado Medio de Pertenza á Comunidade de mariscadoras de Noia segundo a percepción das enquisadas N=95. Comparación de datos. ....	111
Table 7 The four generic types of poacher for the resources management.....	131
Table 8 The 19 different types of shellfish poacher identified in Galicia. ....	132
Table 9 Appraisal criteria for property rights characteristics proposed by Anderson (2002)	134
Table 10 Ad hoc range of values used to classify poachers within each quadrant.....	137
Táboa 11 Medidas para combater o furtivismo suxeridas polos enquisados. Frecuencia de aparición de cada medida expresada en %. N=55 .....	146
Táboa 12 Tipo de disuasión/adhesión identificada nas confrarías galegas. ....	148
Táboa 13 Tendencia da disuasión (Normativa, Instrumental ou Combinada) nas confrarías galegas, discriminadas entre aquelas nas que Non Existe F.I, e nas que Si Existe F.I.....	149
Táboa 14 Asociación entre a existencia do furtivismo de tipo interno e a adhesión normativa á ordenación marisqueira. Aplicación dos Test $X^2$ de Pearson. ....	149
Táboa 15 Políticas de adhesión/disuasión suxeridas para os 4 Tipos furtivos xerais para á xestión.....	150
Táboa 16 Medidas combinadas de acción contra o furtivismo .....	151





## LISTA DE FIGURAS

Figure 1 Reasons for shellfish poaching in Galicia.....	67
Figure 2 Types of poacher, listed by frequency .....	69
Figure 3. Consolidation Process of Vicious Circle of Galician shellfish poaching (VCP).....	91
Figura 4 Localización de Noia (Ría de Muros e Noia).....	103
Figura 5 Serie histórica (2007-2017) do importe acadado en primeira venta polas principais especies de mariscos comerciais en Noia, Berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ), Ameixa Fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), Ameixa Babosa ( <i>Venerupis Corrugata</i> ) e Ameixa Xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ). Cantidades expresadas en millóns de Euros.....	105
Figure 6 Theoretical pathway to get a valid poacher's Typology .....	125
Figure 7 Cartesian plane distributing poachers by quadrants.....	132
Figure 8 Quality of the formal property rights of Galician fisheries sector professionals. ....	134
Figure 9. Classification of Galician Poachers. ....	138

## LISTA DE GRÁFICOS

Gráfico 1 Correlación entre Tolerancia ao Furtivismo e Tolerancia ao furtivismo practicado por comunitarios.....	110
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----



## **INTRODUCCIÓN**





# 1 INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

En Galicia, a pesca e o marisqueo son parte fundamental dun sector económico capital para o país sendo, tamén, canle de representatividade de valores culturais, trazos de identidade comunitarios e dunha forma de vida esencial para Galicia: a mariñeira (Calo Lourido, 1998, 2014; Labarta, 1985; Sequeiros, 1995). Baixo os puntos de vista económico e social, o sector pesqueiro galego representa un sector maduro e dinámico que transcende a significación de actividade primaria para ramificarse polo sistema produtivo, acadando unha dimensión complexa e conformándose como un elemento dinamizador da economía do país (García-Negro et al., 2016; García-Negro, 2010). Polo tanto, o sector pesqueiro en xeral e o marisqueo en particular son importantes en Galicia e, as súas ameazas sexan económicas, sociais e/ou ecolóxicas, asúmense como problemas de primeira orde para a conservación e ordenación dos recursos mariños e das actividades asociadas aos mesmos. Nese sentido, as extraccións ilegais de marisco teñen sido identificadas como o principal perigo para o marisqueo galego (Alló & Loureiro, 2017; Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a; Sequeiros, 1995).

Este tipo de apropiacións ilegais de especies mariñas son coñecidas como furtivismo, que foi definido como todas as extraccións de froitos do mar que infrinxen as normas vixentes estando, necesariamente, integradas en procesos de intermediación, distribución e comercialización, que tornan o fenómeno aínda máis complexo elevándoo do puramente extractivo a, en moitos casos, ao puramente económico (González Arias et al., 2011; González Vidal, 1989). Outra característica do furtivismo galego é que está firmemente enraizado na arquitectura institucional das comunidades mariñeiras sendo unha actividade endémica, xeneralizada, difícil de combater e, en moitos casos, practicada con impunidade e gozando de aceptación social (Ballesteros et al., 2017; Sequeiros, 1995).

Segundo a definición de furtivismo apuntada, en todos os casos de extraccións ilegais asúmese a existencia dunha regulación destinada ao goberno dos recursos, sendo a vulneración da mesma o elemento constituínte do furtivismo (Bell et al., 2007; Bergseth & Roscher, 2018; Bergseth, et al., 2017; Crow et al., 2013; Eliason, 2004; Hampshire et al., 2004; Hauck, 1999; Mccay, 1984; McMullan & Perrier, 2002; Putt & Nelson, 2008; Raemaekers et al., 2011). No caso galego, o sector marisqueiro actual responde a *regras do xogo* perfectamente definidas que establecen, clara e publicamente, os dereitos e obrigas de cada un dos usuarios dos recursos, marcando a liña formal que separa aos extractores legais

dos furtivos (Xunta de Galicia, 2008, 2018). Porén, para chegar nese punto da ordenación foi preciso encarar un proceso de mudanza institucional baseado na co-xestión dos recursos, que permitiu superar problemas asociados a un sector tradicionalmente sen regular, pasando dun escenario de libre acceso a outro regulado (Caballero Miguez et al., 2008; Frangoudes et al., 2008, 2013; Mahou Lago, 2008; Marugán-Pintos, 2004, 2012; Meltzoff, 1995). Este proceso vertebrou normativamente o marisqueo galego, esixindo a formulación de normas concretas xeradoras de estruturas de incentivos favorables, o que supón a chave para o desenvolvemento dunha actividade extractiva mellorada con obxectivos de sustentabilidade e eficiencia económica (Hilborn et al., 2005). De feito no actual contexto de co-xestión dos recursos marisqueiros, as obrigas e deberes están ben definidos e os extractores/as participan na toma de decisións e na xestión dos recursos marisqueiros, estando lexitimados individualmente por dereitos de propiedade individuais de acceso e explotación dos recursos (Xunta de Galicia, 2008). En xeral, e segundo o establecido por Ostrom (1990) no contexto marisqueiro galego danse todas as características necesarias para que se establezan institucións duradeiras para a xestión dun recurso de uso común, incluíndo certo grado de autogoberno entre as mariscadoras e a posibilidade de establecer acordos colectivos, a existencia de arranxos institucionais informais que favorezan o goberno pragmático dos bancos marisqueiros e seus problemas, mecanismos de resolucións de conflitos, a aplicación de castigos modulados, etc.(Ostrom, 1990; Xunta de Galicia, 2008, 2014, 2018).

Porén, aínda existindo un marco regulador consolidado e dereitos de propiedade definidos, o furtivismo marisqueiro é común en Galicia, sendo unha práctica proveitosa e de baixo risco para os furtivos (Ballesteros et al., 2017). O anterior, implica que non basta con formular e establecer *reglas do xogo* apropiadas para a ordenación pesqueira, o verdadeiro desafío é facelas cumprir promovendo, ademais, a aceptación das normas entre os usuarios dos recursos (Hilborn et al., 2005; Nielsen & Mathiesen, 2003; Ostrom, 2005, 2009; R. S. Pomeroy & Pido, 1995). O furtivismo representa esa necesidade de facer cumprir e de promover a adhesión ás normas pesqueiras.

Nese sentido, a loita contra o furtivismo marisqueiro en Galicia ten seguido unha liña de acción coercitiva. Esta perspectiva coñecida nos campos da socioloxía e criminoloxía como o enfoque de disuasión instrumental (Tyler, 1990; von Essen et al., 2014), basease nos preceptos da economía do crime desenvoltas a partir das achegas de Becker (1968) e Stigler (1974) pola que os furtivos tenden a perseguir a maximización da súa utilidade individual. Ese enfoque

fundado na Teoría da Elección Racional, explica que o comportamento dos furtivos se materializa a nivel micro, dependendo da análise racional utilitarista que realizan sobre os beneficios esperados da acción ilegal e os seus posibles custos. Ante esta situación, os mecanismos disuasorios aplicados pretenden elevar os custos de incumprir a lei para, deste xeito, reducir a marxe de beneficios das operacións furtivas. Para acadar este obxectivo a lóxica instrumental é a de, por un lado, aumentar a vixilancia e control sobre as actividades económicas acrecentando a posibilidade e frecuencia de detectar aos operadores ilegais e, por outro, aumentar o castigo acentuando os importes das multas e agudizando a severidade das penas. Este método baseado na coerción é adoptado polo goberno galego para loitar contra o furtivismo e, aínda que é recomendable para certo tipo de furtivos, non funciona sempre.

Unha óptica de adhesión ás normas alternativa é o enfoque normativo, baseado en patróns voluntarios de aceptación das normas que dependen da percepción de lexitimidade das mesmas (Tyler, 1991). Nese sentido, é necesario que os individuos afectados polas leis as perciban como xustas en diferentes niveis, debendo observar que funcionan, que se castiga aos incumpridores e que os procesos que as conforman son equitativos e apropiados (Hatcher & Pascoe, 2006; Hauck, 2008; Honneland, 1999, 2000; Jagers et al., 2012; Jentoft, 1989; Nielsen, 2003; Nielsen & Mathiesen, 2003; Schultz, 2014; Sutinen & Kuperan, 1999; Tyler, 1990). No escenario de xestión normativa é máis probable que se poidan xerar círculos virtuosos de xestión baseados na co-xestión dos recursos mariños e nos incentivos percibidos polos usuarios dos recursos (Eliassen et al., 2013; Hilborn et al., 2005; Jentoft, 2000, 2004; Österblom et al., 2011).

Nesta tese defenderase a utilización de paquetes combinados de medidas instrumentais e normativas, que axuden ao combate efectivo e adaptado do furtivismo marisqueiro galego.

## **1.1 PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN**

Ante o escenario exposto onde:

1. O furtivismo é o problema máis importante do marisqueo moderno.
2. A pesar do incremento dos esforzos coercitivos e de persecución instrumental dos furtivos, o fenómeno persiste.

3. A actividade marisqueira está rexida por un réxime de co-xestión dos recursos que axudou a desenvolver o marisqueo como unha actividade socio-económica relevante en Galicia

O obxectivo central deste traballo será o de explorar os límites da co-xestión do marisqueo galego en relación a xestión do furtivismo. A pregunta de investigación subxacente foi: Como no contexto de co-xestión dos recursos marisqueiros galegos se pode loitar contra o furtivismo? E, en particular, existe un espazo para políticas de natureza non instrumental?

Responder a estas preguntas esixiu trazar a rota de investigación desenvolvida nos 7 capítulos desta tese. No camiño, foron xurdindo outras cuestións, as cales foron resolvidas coa intención de dar solidez e consistencia ao estudo realizado.

## **1.2 OBXECTIVOS E ESTRUTURA DA TESE**

Avanzar na comprensión do furtivismo nos termos expostos, esixiu explorar o ambiente institucional comunitario e os arranxos informais que se poden materializar en contextos co-xestionados, arranxos que se combinan ou complementan coas *regras do xogo* definidas polo goberno galego para a ordenación formal do marisqueo (Jentoft, 1989, 2004; Ostrom, 1990; Xunta de Galicia, 2008).

O estudo das comunidades marisqueiras como espazos institucionais onde reside o coñecemento institucionalizado, as normas, os valores compartidos, a tradición, a identidade colectiva, e onde aniña a arquitectura institucional que pode dar forma a xestión pragmática dos recursos, foi abordado en varios capítulos desta tese (Agrawal & Gibson, 2001; F. Calo Lourido, 1998, 2014; Cox et al., 2010; Jentoft, 2000, 2004; Maya Jariego et al., 2016; Schlager & Ostrom, 1992). Ao redor da adhesión ás leis pesqueiras (*compliance*) foi abordada outra das cuestións centrais desta tese, a posible tolerancia do furtivismo. Os termos nos que se materializa a tolerancia, fundada nos arranxos informais, en motivacións específicas e no recoñecemento dos furtivos como membros das comunidades de mariscadoras foi estudado nos Capítulos 3, 4 e 5 desta tese.

Nunha primeira fase, o achegamento ás comunidades foi xeral e descritivo, identificando as características do furtivismo marisqueiro galego e os incentivos sistémicos que existen nas comunidades galegas para a súa práctica (Capítulo 2). O obxectivo deste capítulo foi



profundar nos matices e particularidades do furtivismo, describindo o fenómeno, para sinalar os desafíos de xestión en termos de furtivismo.

O carácter exploratorio estivo presente tamén no Capítulo 3, cuxo obxectivo central foi profundar na aceptabilidade social do furtivismo marisqueiro galego, respondéndose a pregunta: Baixo que condicións o furtivismo marisqueiro pode ser tolerable en Galicia?. Esa pregunta de investigación esixiu detectar aos individuos que practican o furtivismo marisqueiro nas comunidades marisqueiras consultadas, así como as motivacións para a práctica do furtivismo. Ademais, a percepción dos usuarios formais permitiu identificar as condicións de aceptabilidade, e avanzar na comprensión de como os arranxos institucionais informais poden favorecer a xestión do marisqueo e a loita contra o furtivismo.

Nunha segunda etapa de investigación, Capítulo 4, a aproximación ao ambiente institucional local foi en contextos empobrecidos motivados polos efectos dunha prolongada crise económica (IGE, 2017d, 2017e), observándose as tendencias seguidas polas extraccións ilegais de marisco no período 2008-2012, e as causas desas tendencias (crecemento, descenso ou estabilidade das accións furtivas). Neste capítulo a pregunta que se tentou responder foi se o incremento do furtivismo estaba significativamente asociado á existencia da crise económica e dos seus efectos. Neste capítulo, tendéronse pontes cos resultados do Capítulo 3, o que favoreceu que se profundase nos termos nos que a co-xestión dos recursos se materializa en contextos de necesidade, crise e desemprego.

No Capítulo 5, explorouse a influencia da propia comunidade na tolerancia do furtivismo marisqueiro. Neste capítulo realizouse un segundo traballo de campo na comunidade de mariscadoras de Noia. O desenvolvemento deste capítulo esixiu probar, para o caso particular de Noia, que a tolerancia de accións de *non-compliance* está suxeita ao recoñecemento dos furtivos como membros da comunidade e a motivacións para a práctica do furtivismo específicas (necesidade e autoconsumo). Porén, o obxectivo fundamental deste capítulo, foi o de entender os límites da comunidade, obtendo unha definición da percepción das mariscadoras, e probándose que a noción de comunidade sustenta as posibilidades de co-xestión dos recursos e aceptabilidade de certas accións de *non-compliance* ca ordenación marisqueira. Neste capítulo indicouse en que termos o furtivismo é aceptable, subliñando a relación de dependencia entre aceptabilidade e pertenza á comunidade. Adicionalmente,

respondeuse a dúas preguntas complementarias: En que grado o furtivismo pode ser tolerable en Noia? e En que grado os furtivos son membros da comunidade estudada?

O Capítulo 6 pretendeu encher un baleiro teórico na literatura sobre o furtivismo, a inexistencia dunha clasificación exclusiva e exhaustiva de apropiadores ilegais de vida animal (Gerring, 2014; Erica Von Essen et al., 2014). O capítulo 6 xira en torno á construción dunha clasificación de furtivos marisqueiros aplicable ao contexto galego, a cal permita guiar a loita contra o furtivismo de dous xeitos: i) identificando clara e exclusivamente a tipos de furtivos diferenciados e; ii) permitindo aplicar medidas de acción adaptadas a cada tipo de furtivo identificado.

Precisamente, o obxectivo central do Capítulo 7 foi propoñer medidas de combate do furtivismo marisqueiro adaptada a tipoloxía furtiva creada no capítulo 6. Adicionalmente, se explora a pertinencia de recomendacións de política que combinen accións de tipo coercitivo con outras que normativas.

O traballo desenvolvido nesta tese foi discutido en diversos congresos internacionais e as principais achegas realizadas derivaron na publicación dun capítulo de libro e de dous artigos en revistas indexadas no Journal Citation Report (JCR).

### **1.3 METODOLOXÍA**

Ademais da análise teórica, da revisión de literatura e da consulta de datos secundarios, foron proxectados e deseñados dous traballos de campo para obter información sobre o fenómeno de estudo. A metodoloxía de investigación é explicada en cada capítulo, porén merece a pena abordar sucintamente o desenvolvemento dos dous estudos de caso realizados e dos que se obtivo a maior parte de información utilizada nesta tese.

#### **1.3.1 Primeiro estudo de caso**

O primeiro dos estudos de caso orientouse á recollida de información xeral sobre o furtivismo nas confrarías marisqueiras galegas. Utilizando a percepción dos usuarios formais dos recursos e dos seus representantes, tentouse realizar unha fotografía integral do furtivismo.

Este primeiro traballo de campo foi desenvolvido durante o período 2012-2015. As confrarías de pescadores foron utilizadas como unidade de consulta, fundamentalmente, por ter a capacidade legal de representar a todos os mariscadores e mariscadoras legais galegos (Xunta de Galicia, 2008, 2018). As comunidades de pescadores obxectivo foron as que presentaron

actividade marisqueira en calquera das formas descritas pola Lei de Pesca de Galicia. Ese criterio reduciu o universo inicial de confrarías de 62 a 56. Desas 56 confrarías marisqueiras óptimas no período 2012-2015, 55 participaron do estudo.

Para acadar a información nesta fase da tese, utilizáronse dúas técnicas da investigación diferentes:

- i) En primeiro lugar, realizáronse 55 enquisas a membros relevantes das confrarías de pescadores<sup>1</sup>. As enquisas foron guiadas por un cuestionario estruturado e pechado aplicado sistematicamente seguindo a mesma orde nas preguntas, e ofrecendo as mesmas posibilidades de resposta aos enquisados. Ese procedemento tivo como finalidade obter datos homoxéneos que facilitasen o seu posterior tratamento estatístico. A información derivada das enquisas foi codificada utilizando o paquete estatístico SPSS V.20, ferramenta que tamén foi usada na aplicación dos tests estáticos necesarios para probar as hipóteses deste traballo.
Transferability	Not Transferable.	Transferable under highly restrictive and very limited conditions.	Transferable within a defined group (i.e., fishermen).	Fully transferable with poor/illiquid market institutions	Fully transferable with well-established, efficient market institutions.
Exclusivity	Unrestricted open access	Limited control over inputs, outputs, and harvest management.	Some inputs and outputs are controlled, and harvest is managed by the right holder	Most property management is in the right holder's control.	All decisions and access to the property are controlled by the owner
Security	No security. Rights are not protected by any means	Rights are only minimally protected by law or are protected only by private security forces.	Theft is common or rights are at risk with changes in administration.	Reasonably protected by enforcement and legal system	Well-enforced rights through enforcement and the legal system

Source: Anderson (2002)

Transposing the above to the classification of poachers in the Cartesian plane, illegal harvesters working in the fisheries sector will be placed towards the maximum value of sector membership. Thus, the stronger the property rights, i.e. the more exclusive, transferable, durable and secure they are, the closer they will be to the maximum value of the horizontal axis. On the other hand, recreational users will be assigned a more central position, closer to 0, because they hold weaker formal rights. This ranking is applicable to the positive side of the horizontal axis, which includes users with formal property rights, regardless of community membership, i.e. in quadrants 1 and 4.

The negative side of the horizontal axis needs additional input because it is the theoretical representation of the absence of formal property rights (quadrants 3 and 2). This circumstance could suggest the absence of regulations concerning these areas. However, one of the consequences of the use of an initial dual criterion to classify poachers is that membership of the fishing sector depends, in some quadrants, on membership of the community, and vice versa.

It is precisely in this community environment that the absence of formal property rights does not necessarily mean an absence of regulation. In fact, informal property rights could fill the gaps not covered by formal management, facilitating the pragmatic management of natural resources (Schlager & Ostrom, 1992). It is therefore quite plausible that some kind of informal regulation concerning sector membership, applicable to members of the community, could come into being. This would affect poachers in quadrant 2, to whom community reasoning can be applied, but not the community outsiders in quadrant 3.

Furthermore, the Cartesian plane represents membership of the harvester community on the basis of the definition of community as an informal system of governance and enforcement that has the capacity to generate *de facto* property rights over access to and exploitation of the resources linked to its area of influence (Gezelius, 2003; Jentoft, 2004). As in the case of formal property rights, in fisheries communities ranks could be assigned for the granting of *de facto* rights for the exploitation of resources that will depend on:

- i) The identity of the person in question; only members of the community can be the beneficiaries of informal arrangements (Ostrom et al., 1994). This affects the classification of poachers in quadrants 1 and 2, to the exclusion of the ‘non-communitarians’ in quadrants 3 and 4; and
- ii) The reasons justifying the informal exploitation. When unauthorized harvesting occurs, community reasoning will interpret the poachers’ motivations, degree of membership of the community and personal situation in order to determine whether it is acceptable, tolerable or reprehensible (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a, 2018c; Gezelius, 2004; Hampshire et al., 2004).

The rank assigned to poachers based on the degree to which they belong to the community will affect their position in the Cartesian plane. While those poachers that act reprehensibly in

the eyes of the community will be located on the periphery due to the limited possibilities of creating informal institutional arrangements that might benefit them, those who are accepted or tolerated will be located more towards the centre, given that such informal arrangements will in all probability apply to them. In order to determine what kinds of poaching will be considered acceptable or reprehensible by the community there has to be a thorough prior understanding of the specific institutional contexts in which the users of the natural resources operate. Consequently, the framework classifying Galician shellfish poachers on the basis of the informal management of fisheries resources was grounded in the work of Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez (2018c) who measured the informal acceptability of poachers in the most important Galician shellfish harvester's community. Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez (2018c) lays the foundations which allow developing an Ad-hoc range of values to classify poachers in an informal way.

Additionally, a comprehensive review of the literature on the Galician shell-fishing sector furnished the study with a wealth of institutionalized knowledge regarding its history, evolution, problems and challenges (Alló & Loureiro, 2017; Ballesteros et al., 2011; Ballesteros et al., 2017; Beiras, 1976; Caballero-Miguez et al., 2012; Caballero Miguez et al., 2008; Calo Lourido, 1998, 2014; Frangoudes et al., 2008; Frangoudes et al., 2013; García-Negro & Zotes Tarrío, 2006; García-Negro, 2010; González Laxe, 2006; González Vidal, 1980, 1989; Labarta, 1985; Mahou Lago, 2008; Marugán-Pintos, 2004, 2012; Meltzoff, 1995; Molares & Freire, 2003; Rodríguez-Rodríguez, 2009; Rodríguez-Rodríguez et al., 2014; Rodríguez-rodríguez & Bande, 2017; Rodríguez et al., 2016; Rodríguez-Rodríguez et al., 2011; Sequeiros, 1995)

## **6.7 A CLASSIFICATION OF GALICIAN SHELLFISH POACHERS**

Reflecting the possibility that property rights may exist in different degrees, Table 10 includes an ad hoc range of values designed to catalogue poachers according to the characteristics of the rights they may hold. The suggested values, which range from -3 to 3, define membership of both the fisheries sector and the fishing community depending on the strength of formal property rights held and on the possible existence of informal property rights, respectively. The position of the different categories of poacher on the Cartesian plane will fit the values attributed to each kind of poacher that has been identified.

**Table 10 Ad hoc range of values used to classify poachers within each quadrant.**

Community Membership (y-axis)	Value	Membership of the fisheries sector (x-axis)
Poachers with informal property rights. Poachers accepted by the community, whose actions do not violate community morality.	3	Persons with strong formal property rights.
Poachers with moderate informal property rights. Members of the community and traditional users, their low impact actions are tolerated.	2	Persons with moderate formal property rights.
Poachers from the community whose actions go against community morality. Little chance of holding informal property rights.	1	Persons with weak formal property rights.
	-1	Persons lacking formal property rights but having strong informal property rights.
	-2	Persons lacking formal property rights but having moderate informal property rights.
Poachers alien to the community whose actions are unacceptable from the standpoint of community reasoning.	-3	Persons lacking formal property rights and having little chance of holding informal property rights.


*Source: prepared by the author*

Figure 9 shows the classification results for the different types of Galician shellfish poacher previously identified in Table 8, following the indications described above. After crossing the primary criteria of belonging to the community and to the fishing sector proposed in this paper, 19 types of poacher identified during the research carried out in the field were included.

The virtue of the proposed classification is to give homogeneity to all the expressions of poachers in the 4 generic types of poacher, integrating them independently of their individual and/or collective characteristics, their *modus operandi*, the frequency, organization and technology they employ or the reasons driving them to carry out unauthorized harvesting. The characteristics of the initial 19 types of poachers in Table 8, identified with no defined classification pattern, could be so broad that some of them can fall within more than one quadrant in the proposed classification. However, the exclusivity of the proposed classification ensures that although poachers may share some common features such as *modus operandi* or driving force, they are in fact different kinds of poacher, determined by their differing possibilities of accessing and exploiting resources.



Figure 9. Classification of Galician Poachers.



Source: prepared by the author

One of the aims of this classification of Galician poachers is to suggest classification strategies that can be transposed to different contexts in which the unauthorized appropriation of natural resources takes place. However, its fundamental purpose is to establish a set of guidelines to combat poaching that makes it possible to associate different possible actions with each kind of poacher.

## 6.8 CHAPTER CONCLUDING REMARKS

The fundamental contribution of this paper has been to develop a homogeneous classification of poachers that can be applied in different contexts of fisheries resources appropriation. The main challenge was to establish mutually exclusive classification criteria that would at the same time make it possible to classify a vast and heterogeneous number of individuals.



Adoption of the premise that all valuable natural resources are regulated, either formally or informally, opened up the avenue of resource management as an approach to tackling the issue of poaching. The consideration of this dual regulatory perspective made it possible to carry out a comprehensive analysis of the phenomenon, emphasizing the formal aspects without losing sight of the nuances in resource management provided by internal regulation within the local community. The criteria defined in this paper, namely membership of the local community and membership of the fishing sector, in association with formal and informal property rights, established the patterns required to create a classification that overcomes the limitations of previous proposals. What is more, by taking both levels of management into consideration the classification ceases to be purely synthetic and immerses itself in the day-to-day reality of natural resource management.

Additionally, this typology has been proposed to suggest appropriate anti-poaching measures, starting from the premise that not all poachers are equal so therefore the measures to be applied must fit each type of poacher and his/her circumstances. A necessary prerequisite of this adaptive perspective is a thorough knowledge of the specific institutional environment in question, endowing the institutional approach used to develop the classification with greater solidity. The anti-poaching measures which could be suggested must focus in the need for a comprehensive understanding of the institutional environment but also the relevance of a combined application of instrumental (coercive) and normative measures to shape adaptive policies that promote and favor regulatory legitimacy and compliance.

Shellfish poaching in Galicia was an excellent case study with which to: i) apply the theoretical framework developed in this paper; and ii) validate the proposed classification; in this regard the classification of the 19 types of Galician shellfish poachers identified by Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez (2018a), proved to be a suitable test of the cataloguing capability of the proposed classification, confirming that it can be transposed to other situations in which resources are illegally appropriated.



## **CAPÍTULO 7**

# **EVIDENCIAS EMPÍRICAS PARA A XESTIÓN DO FURTIVISMO: CONFLUENCIA DOS ENFOQUES NORMATIVO E INSTRUMENTAL PARA COMABATER O FURTIVISMO MARISQUEIRO EN GALICIA**



## 7 EVIDENCIAS EMPÍRICAS PARA A XESTIÓN DO FURTIVISMO: CONFLUENCIA DOS ENFOQUES NORMATIVO E INSTRUMENTAL PARA COMABATER O FURTIVISMO MARISQUEIRO EN GALICIA

### 7.1 OBXECTIVOS DO CAPÍTULO

O furtivismo, entendido como a vulneración das leis vixentes, pode ser explicado como un acto de *non-compliance* (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a; Eliason, 2003; González Vidal, 1989; Muth & Bowe, 1998). A adhesión ás normas de pesca ten sido abordado como un dos obxectivos fundamentais na regulación dos recursos mariños en pesqueiras de pequena escala, áreas mariñas protexidas, na pesca recreativa, e na ordenación xeral dos recursos pesqueiros (Arias et al., 2015; Bergseth & Roscher, 2018; Bragagnolo et al., 2017; Garza-Gil et al., 2015; Hauck, 2009; Hønneland, 1999; Jagers et al., 2012; Karper & Lopes, 2014; Nielsen & Mathiesen, 2003; Schultz, 2014)

Dun modo xenérico, a promoción da adhesión (*compliance*) a regulación dos recursos naturais ten sido abordada dende a socioloxía e criminoloxía utilizando dous enfoques teóricos diferentes, o enfoque instrumental e normativo. Estas ópticas propoñen unha dicotomía na acción política, mentres que o enfoque instrumental se apoia na aplicación de medidas coercitivas baseadas na detección e castigo dos non cumpridores, a liña normativa promove a adhesión ás normas como un acto voluntario (Hatcher et al., 2000; Ostrom, 1990; Tyler, 1990, 2006, 2011; von Essen et al., 2014).

O estudo do furtivismo marisqueiro en Galicia por darse nun contexto de co-xestión dos recursos (Xunta de Galicia, 2008) servirá para aterrizar propostas de solucións adaptadas na loita contra a extracción ilegal de marisco. O anterior implicará, necesariamente, a combinación do goberno formal dos recursos con arranxos institucionais informais de xestión, os cales favorezan un manexo pragmático dos mesmos (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a, 2018c; Cox et al., 2010; Jentoft, 2004; Ostrom, 1990, 2005). No capítulo 4 desta tese, observouse que, en termos de disuasión do furtivismo e de promoción da adhesión ás normas, é pertinente unha solución similar. As accións de carácter instrumental e normativo deben complementarse fundamentando unha estratexia combinada que se adapte ás circunstancias concretas e a diferentes tipos de furtivos, apoiándose no coñecemento profundo do ambiente institucional dos contextos xestionados.

O obxectivo deste capítulo é propor medidas que orienten a política na loita contra o furtivismo marisqueiro en Galicia, achegando solucións adaptadas a diferentes tipos de furtivos. Estas solucións poderán contribuír a avanzar na loita contra o furtivismo en contextos nos que, como en Galicia, os recursos se manexen baixo réximes de co-xestión.

O caso de estudo desenvolvido nesta investigación explorou o estado de opinión de representantes de 55 confrarías de pescadores galegas nas que existe produción marisqueira dalgún tipo, e nas que foron realizadas 55 enquisas e 48 entrevistas en profundidade. Os enquisados consultados responderon a dúas preguntas principais: *¿Como terminaría co furtivismo?* e *¿Por que cumpre as leis do marisqueo?*. As respostas non só identifican posibles medidas para combater activamente a apropiación ilegal de marisco, tamén mostran a pertinencia da combinación de múltiples mecanismos disuasorios para combater a furtivos diferentes.

Adicionalmente, a percepción dos enquisados permitiu identificar o estado do furtivismo nas diferentes confrarías de pescadores, apuntando ás comunidades nas que a acción dos furtivos é máis aguda. Sobre este punto, e dado que a información recollida neste traballo proveen da percepción dos usuarios formais dos recursos, foi de interese observar que tipo de disuasión se materializa naquelas comunidades nas que non se detectou furtivismo de tipo interno<sup>11</sup>, é dicir, nas que parece existir unha maior adherencia ás normas.

A discusión sobre medidas de acción contra o furtivismo marisqueiro galego abordouse asumindo que, pola súa diversidade, os furtivos non poden ser combatidos utilizando medidas únicas e homoxéneas, sendo necesario articular accións concretas axustadas a cada tipo de furtivo. As medidas de loita contra o furtivismo que se suxerirán serán relativas aos *4 tipos xerais de furtivos para a xestión* propostos no capítulo anterior, que serviron para clasificar dun xeito exclusivo aos 19 tipos de furtivos identificados na costa galega no capítulo 3. Dende o punto de vista da disuasión o interese desta clasificación reside en que está baseada na posesión de dereitos de propiedade, o que permitirá propor medidas de acción que teñan impacto real no comportamento dos furtivos (Alchian & Demsetz, 1973; Demsetz, 1967; Feeny et al., 1990; Guerin, 2003; Ostrom, 1990; Schlager & Ostrom, 1992; Walras, 2008).

---

<sup>11</sup> Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez (2018a) definiron os Furtivos Internos como furtivos que teñen licencias formais de explotación marisqueira.

## 7.2 FONTES DE INFORMACIÓN

Neste capítulo utilizouse a información obtida durante o primeiro estudo de caso desenvolvido para esta tese. As confrarías galegas foron tomadas como unidades de análise por ser corporacións dotadas de personalidade xurídica que participan, organizada e activamente, na co-xestión dos seus recursos, e por representar formalmente a todas as mariscadoras e mariscadores legais galegos (Xunta de Galicia, 2014). Nese sentido, nas confrarías de pescadores os extractores legais de marisco poden integrarse directamente nas estruturas das confrarías, ou constituír organizacións de produción propias dentro das mesmas (Xunta de Galicia, 2008, 2014).


Definíronse como confrarías obxectivo todas as que, durante o período de estudo, presentaron actividade marisqueira en calquera das modalidades recollidas na lei de pesca de Galicia (Xunta de Galicia, 2008). Para obter a información utilizáronse enquisas (55) e entrevistas en profundidade (48) aplicadas entre xaneiro de 2012 e xaneiro de 2015. Os informantes foron membros seleccionados das confrarías de pescadores.

## 7.3 PERCEPCIÓN DOS USUARIOS FORMAIS DOS RECURSOS SOBRE MEDIDAS PARA TERMINAR CO FURTIVISMO E ADHESIÓN ÁS NORMAS

O primeiro obxectivo de investigación proposto neste traballo foi identificar posibles medidas para a loita contra o furtivismo marisqueiro galego, considerando a óptica dos usuarios formais dos recursos. Con ese fin, os representantes das mariscadoras responderon á pregunta: *¿Como terminaría co furtivismo?*. Por ser unha cuestión de tipo aberto os enquisados contestaron sen límites de resposta, achegando máis dunha solución ao problema enunciado.

As respostas obtidas evidenciaron que o estado de opinión dos enquisados é que o furtivismo debe combaterse con medidas de tipo instrumental-coercitivo. A Táboa 11 mostra esa tendencia, presentando a frecuencia na que foron nomeadas as solucións propostas polos representantes das mariscadoras.

**Táboa 11 Medidas para combater o furtivismo suxeridas polos enquisados. Frecuencia de aparición de cada medida expresada en %. N=55**



Fonte: Elaboración propia a partir da información das enquisas.

Tipificar o furtivismo como un delito foi apuntada como a solución máis popular entre os enquisados (67.3%). Esta medida está actualmente<sup>12</sup> incluída no código penal español no artigo 335, recollendo a posibilidade de impor sancións legais por furtivismo marisqueiro en forma de multas, inhabilitacións e penas de prisión de entre 6 meses e 2 anos (BOE, 2017). A implicación de penas de cárcere e castigos severos foi reclamada polos informantes consultados durante as enquisas, o que aconteceu antes de que a tipificación como delito se constituíse legalmente. Ao referirse á necesidade de tratar o furtivismo marisqueiro como un delito, foi común que os enquisados advertisen que o sistema de castigos, aínda que riguroso, debería ser proporcionado, gradual e debería ter a capacidade de adaptarse a cada tipo de furtivo, sendo particularmente coidadosos á hora de aplicar a lei a mariscadores formais. Segundo a percepción dos enquisados os Furtivos Profesionais, Furtivos Organizados, Insolventes, individuos que practican o furtivismo dun xeito recorrente, e aqueles que recollen e comercializan especies prohibidas ou perigosas para o consumidor, serían os suxeitos sobre os que se debería enfatizar a aplicación desta medida.

A segunda solución máis nomeada polos consultados, aparecendo no 63.6% das repostas, foi a necesidade de mellorar a vixilancia dos bancos marisqueiros, incrementando o número de efectivos e medios no control da costa galega. Nesa mesma liña de actuación, case a metade

<sup>12</sup> A incorporación da furtivismo ao C.P. produciuse no ano 2015, mentres que as entrevistas e enquisas se realizaron nun período anterior comprendido entre xaneiro de 2012 e xaneiro de 2015.



dos informantes (47.3%) propuxeron que, para disuadir aos extractores ilegais, é necesario endurecer o castigo por furtivismo, aumentando a presión sobre os furtivos o que implicaría máis controis, inspeccións e incautacións, tanto nas praias, como nos establecementos de hostalaría, lonxas, depuradoras e sobre todas as posibles vías de comercialización de marisco ilegal. Este paquete de medidas incluíría multas máis altas, revogacións de títulos de explotación, peches de centros de comercialización e, en xeral, sancións máis severas.


Precisamente, asfixiar as vías de comercialización no mercado negro e a compra-venta de marisco ilegal, foi a solución achegada polo 34.5% dos informantes. Perseguir e castigar aos compradores, detectando e inhabilitando as súas organizacións e centros de distribución, sería a recomendación central desta medida.

As campañas de educación e concienciación sobre os perigos e efectos negativos do furtivismo tornouse a primeira solución de carácter normativo, sendo nomeada polo 30.9% dos enquisados. A segunda medida non-coercitiva foi de natureza regulatoria, o 18.2% dos enquisados apostarían por aumentar os títulos formais de extracción de marisco, o que permitiría integrar aos furtivos dentro do sector extractivo formal. O 16.4% dos enquisados apuntaron á necesidade de mellorar os esforzos do goberno da Xunta en materia de furtivismo.

O segundo obxectivo de investigación foi o de explorar a adhesión dos mariscadores galegos á ordenación pesqueira. A estratexia foi de identificar as motivacións para o cumprimento utilizando a pregunta: *¿Por que os mariscadores compren as leis de marisqueo?*.

O conxunto de respostas obtidas (Táboa 12) definen as liñas xerais de adherencia ás normas entre os usuarios dos recursos, deliñando dous comportamentos fundamentais: i) cumprimento obrigatorio das normas, inducido por posibilidades de castigo coercitivo como, multas, inhabilitacións, presión social do grupo, etc, e ii) adhesión voluntaria á ordenación marisqueira.

Táboa 12 Tipo de disuasión/adhesión identificada nas confrarías galegas.



Fonte: Elaboración propia a partir da información das enquisas.


En termos absolutos, ambos tipos de adhesión aparecen con igual frecuencia (37,7% dos casos), sinalándose como alternativa a combinación das dúas motivacións (24.5 %).

Porén, profundar nos termos do cumprimento dos mariscadores galegos esixiu un ollar máis preciso, contextualizando a información anterior naquelas confrarías cunha adhesión ás normas máis completa. Para iso, se identificaron as confrarías nas que os mariscadores se adheriron ao cumprimento da lei, o que permitiu discriminar entre comunidades nas que existe furtivismo de tipo interno e as que non. Segundo os datos acadados nas enquisas, no 27.3 % das confrarías consultadas houbo unha adhesión xeral ás normas, mentres que no 72.7% das comunidadesse daban episodios de furtivismo interno<sup>13</sup>. Avanzouse explorando o comportamento de adhesión recuperando a pregunta: *¿Por que os mariscadores compren as leis de marisqueo?* e analizando os resultados en función da existencia de furtivismo interno.

A Táboa 13 resume as achegas obtidas. O achado central é que naquelas confrarías nas que o furtivismo interno non existe, a tendencia de adhesión ás normas é fundamentalmente normativa (66.7% ) e combinada (20%). Esta información contrasta con aquelas confrarías nas que si hai presenza de furtivos internos, dado que a adherencia ás normas é maioritariamente instrumental (47.4%).

<sup>13</sup> Este dato implica que no 72.7 % das confrarías consultadas existen individuos que practican o furtivismo interno (F.I). Porén, os datos achegados non identifican en que grado ou con que frecuencia se producen esas accións. Tampouco permiten calibrar os impactos (económicos, ecolóxicos, etc) das accións furtivas. O anterior implica que no conxunto de confrarías nas que hai F.I., o grado de furtivismo é variable, incluíndo comunidades con F.I. severo e confrarías con F.I. de menos importancia.

**Táboa 13 Tendencia da disuasión (Normativa, Instrumental ou Combinada) nas confrarías galegas, discriminadas entre aquelas nas que Non Existe F.I, e nas que Si Existe F.I**



Fonte: Elaboración propia a partir da información das enquisas.

Ademais, os datos ofrecidos pola Táboa 13 suxeriron a relación entre a adhesión normativa ás normas e a inexistencia de furtivismo de tipo interno nas confrarías galegas. Esa hipótese foi testada utilizando a proba  $X^2$ , a cal é idónea para determinar a existencia de asociación entre variables de tipo nominal. A partir da información obtida nas enquisas foi posible crear dúas variables cualitativas dicotómicas (V1.Existe F. I., e V2.Adhesión Normativa), sobre as que se aplicaron o test estatístico proposto.

A Táboa 14 presenta os resultados obtidos, probándose que existe asociación significativa entre a adhesión normativa e a inexistencia de furtivismo interno p-valor  $0.025 < 0.05$ .

**Táboa 14 Asociación entre a existencia do furtivismo de tipo interno e a adhesión normativa á ordenación marisqueira. Aplicación dos Test  $X^2$  de Pearson.**

$H_0$	Furtivismo Interno	N= 53	$X^2$	p-valor	Rexeita $H_0$
<i>H<sub>0</sub>: A adhesión normativa á ordenación marisqueira non está asociada á presenza de Furtivismo Interno</i>	F.I	38	5.3	0.025*	Si
	Non F.I	15			

Rexeitase a  $H_0$  para un nivel de significación do p-valor  $< 0.05$ .

Fonte: Elaboración propia.

#### **7.4 MEDIDAS PARA COMBATER O FURTIVISMO MARISQUEIRO EN GALICIA.**

Os resultados expostos na sección anterior permiten reflexionar sobre dous puntos importantes:

- i) A percepción dos representantes dos mariscadores invita á aplicación de medidas de corte instrumental, porén as súas recomendacións se refiren, fundamentalmente,

a furtivos externos ao sector. A implicación subxacente é que eses usuarios non posuirán dereitos de propiedade formais sobre os recursos, polo tanto, non se poderá incidir sobre o seu comportamento utilizando estas figuras institucionais xa que, nestes casos, os incentivos asociados a tenencia de dereitos de propiedade formais se dispan.

- ii) A revisión do comportamento de adhesión ás normas en confrarías sen Furtivismo Interno ofreceu pistas para orientar a acción na loita contra o furtivismo cando os non cumpridores posúen dereitos de propiedade formais sobre os recursos. Nestes casos foi enfatizada a acción normativa polas posibilidades de cumprimento voluntario asociado ao réxime de co-xestión dos recursos, do cal emerxe unha arquitectura institucional que pode promover a aceptación das normas (Ostrom, 1990).

Polo exposto, e partindo da premisa de que cada tipo de furtivo debe ser combatido dunha maneira diferenciada, a estratexia combinada de medidas de carácter normativo e instrumental parece axustarse as exixencias do escenario marisqueiro galego.

A complexidade do furtivismo en Galicia permitiu estudar diferentes situacións de xestión asociadas ao cumprimento das normas sobre as que apoiar as recomendacións de política. Partindo da clasificación de furtivos proposta no capítulo anterior, na que se propuxeron 4 tipos xerais de furtivos para a xestión (Táboa 15), suxeríranse medidas que pivotan entre as accións de tipo normativo, o que é especialmente pertinente en contextos comunitarios con individuos ligados co sector pesqueiro, e as accións de corte instrumental, recomendables en situacións que involucran a individuos desvinculados das comunidades.

**Táboa 15 Políticas de adhesión/disuasión suxeridas para os 4 Tipos furtivos xerais para á xestión.**

4 Tipos furtivos xerais para á xestión	Dereitos de Propiedade		Enfoque Disuasión
	D. Propiedade Formais	D. Propiedade Informais	Tendencia
Comunitario e pertencente ao Sector	Si	Si	Normativa, apoio Instrumental
Comunitario e alleo ao sector	Non	Si	Normativa con apoio Instrumental
Alleo á comunidade e pertencente ao Sector	Si	Non	Instrumental con apoio Normativo
Alleo á comunidade e alleo ao sector	Non	Non	Instrumental con apoio normativo

Fonte: Elaboración propia.

Sobre as solucións propostas neste capítulo, a Táboa 16 vincula os tipos de furtivos con recomendacións de disuasión xerais para o furtivismo en Galicia.

Táboa 16 Medidas combinadas de acción contra o furtivismo

4 Tipos furtivos xerais para á xestión	Enfoque Disuasión	Políticas de Apoio (Normativa ou Instrumental)	Paquetes de Medidas Combinadas
Tipos de Furtivos	Tendencia	Políticas de Apoio	Medidas
Comunitario e pertencente ao Sector	Normativa, apoio Instrumental	Recomendación de políticas que promovan o cumprimento normativo. O apoio instrumental debido a limitacións do enfoque normativo:	<b>Medidas Normativas:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Promoción xeral lexitimidade das normas marisqueiras e de loita contra o furtivismo o que implicará a mellora da percepción sobre a pertinencia dos procesos (Xustiza Procesual) e sobre os resultados derivadas da mesma (Xustiza Distributiva)</li> <li>- Promoción do sistema de co-xestión, implicando: <ul style="list-style-type: none"> <li>o Posibilidades de articulación de medidas de xestión informal sobre o recurso e os seus usuarios.</li> <li>o Participación na toma de decisións e no autogoberno dos bancos marisqueiros.</li> </ul> </li> </ul>
Comunitario e alleo ao Sector.		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Existencia de violadores crónicos da lei.</li> <li>- Existencia de furtivos violentos e que recorren a intimidación e represalias.</li> <li>- Existencia de casos de corrupción en Confrarías e Lonxas</li> <li>- Existencia de Furtivismo de tipo Interno.</li> <li>- Furtivos impunes e insolventes</li> </ul>	
Alleo á comunidade e pertence ao Sector	Instrumental Apoio Normativo	Recomendación de políticas de corte instrumental-coercitivo. Apoio normativo debido as limitacións do enfoque instrumental:	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Políticas sociais orientadas a individuos que furtivan por necesidade (desemprego, exclusión social...)</li> <li>- Campañas de educación entre marisqueiros.</li> <li>- Campañas de concienciación pública sobre os efectos adversos do furtivismo sobre a actividade marisqueira.</li> <li>- Valorización da actividade marisqueira como actividade socioeconómica relevante con efectos de arrastre inter-industrial.</li> <li>- Campañas de concienciación pública sobre os perigos do consumo e compra de marisco ilegal e sen depurar.</li> <li>- Promoción das comunidades marisqueiras como centros de turismo mariñeiro.</li> </ul> <b>Medidas Instrumentais:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Multas, incautacións, inspeccións, decomisos</li> <li>- Sistemas de control e castigo, proporcional, adaptado e gradual.</li> <li>- Revogación temporal ou definitiva de permisos de extracción.</li> <li>- Incremento da vixilancia.</li> <li>- Afogamento das vías de comercialización, persecución dos vendedores/ compradores.</li> <li>- Sistema de <i>enforcement</i> informal (xestión informal da comunidade)</li> </ul>
Alleo á comunidade e alleo ao Sector		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non todos os furtivos son igual de perigosos.</li> <li>- Poden articularse medidas alternativas de concienciación e educación entre este tipo de furtivos.</li> </ul>	

Fonte: Elaboración propia.

#### 7.4.1 Medidas para os furtivos comunitarios alleos ao sector marisqueiro.

Baixo esta nomenclatura foron catalogados todos<sup>14</sup> individuos que non ostentan dereitos de propiedade formais sobre os recursos, pero que pertencen a comunidade de mariscadoras (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a).

<sup>14</sup> Neste grupo foron incluídos individuos como: 1) Desempregados;, 2) Donas de Casa, 3) Retirados do mar, 4) Xubilados, 5) Veciños, 6) Xoves da comunidade, 7) Drogadictos, 8) insolventes; 9) Grupos organizados locais; 10) Furtivos Profesionais

Centrando o enfoque sobre este tipo de furtivos, as políticas de corte normativo son altamente recomendables podendo atinxir a moitos dos individuos deste grupo, suxerindo accións de concienciación e educación que mostren os efectos perniciosos do furtivismo, as consecuencias sobre os recursos e sobre a actividade profesional, presentando o influxo negativo e expansivo das accións furtivas dentro do entorno comunitario. O anterior, pode ser presentado en positivo, é dicir, as políticas poden centrarse en mostrar os beneficios do cumprimento das leis, subliñando o retorno comunal e individual da aceptación das normas. Ademais, suxírese a promoción de accións que reforcen a identidade comunitaria e, na aplicación das regulacións vixentes conceder flexibilidade pragmática, que mellore a percepción de lexitimidade das regras. Como se xureiu en capítulos anteriores desta tese, será fundamental articular políticas sociais dirixidas a individuos en risco de exclusión social e a desempregados que practican o furtivismo por necesidade.

Debe ser asumindo que en calquera comunidade, sempre existen violadores da lei que se mostran indiferentes a influencia dos valores morais ou á xustiza asociada ás normas, polo tanto, as incumpren sistematicamente, o que suxire a necesidade de medidas efectivas para incidir no seu comportamento (Kuperan & Sutinen, 1998; Sutinen & Kuperan, 1999). O enfoque instrumental debe complementar esas limitacións das políticas de corte normativo, particularmente ante furtivos que queden fora da influencia da comunidade como centro onde aniña o coñecemento institucionalizado e as normas e valores compartidos, ou sexa, aqueles apropiadores ilegais crónicos e de alto impacto, espoliadores do recurso e violentos que intimidan aos comunitarios. Medidas de castigo graduadas e efectivas deben ser implementadas para evitar a impunidade dos furtivos. A posibilidade de poder castigar apropiadamente aos violadores das normas permite, ademais, diferencialos dos cumpridores, fomentando a percepción de xustiza procesual e lexitimidade xeral das mesmas (Ostrom, 1990; Pinkerton & John, 2008; R. Pomeroy & Andrew, 2011)

#### **7.4.2 Medidas para os furtivos comunitarios pertencentes ao sector marisqueiro.**

Entre os furtivos *Comunitario e pertencente ao sector* estarán aqueles comunitarios con dereitos de propiedade de acceso e explotación formais aos recursos mariños, é dicir: i) os pescadores recreativos habilitados e; ii) os profesionais do mar.

#### **7.4.2.1 Usuários recreativos formalmente habilitados.**

Cando este tipo de usuarios decidan non adherirse ás normas do marisqueo, serán pertinentes as políticas xerais propostas para os comunitarios no punto anterior, acentuando o carácter normativo de adhesión ás normas e utilizando as medidas instrumentais como apoio das primeiras. É subliñable que a tenencia de títulos formais, con dereitos e obrigas claras, implicará a existencia dunhas pautas de comportamento esperado así como un réxime de sancións coñecido (Alchian & Demsetz, 1973; Demsetz, 1967; Feeny et al., 1990; Guerin, 2003; Ostrom, 1990; Schlager & Ostrom, 1992; Walras, 2008).

Dende o punto de vista instrumental, os castigos aos furtivos deste colectivo deberán ter un carácter gradual. Dada a natureza recreativa destes títulos o sistema de sancións podería incluír, multas, incautacións, decomisos e a posible revogación temporal e/ou definitiva dos permisos. Nos casos nos que os furtivos profesionais ou os grupos organizados de furtivos se camuflen como usuarios recreativos para realizar extraccións depredatorias continuadas, ou de especies perigosas para o consumidor, as sancións máis graves recollidas no código penal poderían ser articuladas.

#### **7.4.2.2 Sobre os profesionais do mar**

Varios estudos teñen demostrado que o sistema de co-xestión dos recursos pode xerar unha estrutura de incentivos que provoquen círculos virtuosos de xestión, nos que os problemas do sector pesqueiro se regulen formal ou informalmente (Berkes, 2004; Gezelius, 2003; R. Grafton et al., 2009; Ostrom, 1990; Pomeroy & Andrew, 2011; Pomeroy, 1995; Schultz, 2014).

No contexto galego foron identificadas experiencias de co-xestión no marisqueo, que teñen funcionado para ordenar a actividade eficientemente (Alló & Loureiro, 2017; Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a; Frangoudes et al., 2013; Marugán-Pintos, 2004; Meltzoff, 1995; Molaes & Freire, 2003).

Neste capítulo algunhas situacións de co-xestión exitosas foron detectadas para a regulación do furtivismo de tipo interno. O caso contrario, comunidades nas que o furtivismo practicado por mariscadores e mariscadoras era un problema grave e estendido, tamén foi verificada. Ante ese dobre escenario, as medidas de disuasión para o furtivismo interno deben ser revisadas, tanto para ser aplicadas dun modo adaptado, como para comprender o escenario institucional concreto que induce a comportamentos aceptables e inaceptables.



Ostrom (1990) introduciu os 7 principios necesarios para a creación de institucións duradeiras que rexan a xestión de recursos comúns<sup>15</sup>. Durante as entrevistas en profundidade, eses condicionantes foron identificados nas comunidades marisqueiras galegas nas que houbo patróns de adhesión ás normas favorables. Nesas comunidades os riscos de comportamento dos usuarios formais dos recursos incluían: unha organización interna das mariscadoras altamente participativa, así como accións de cooperación entre pares<sup>16</sup>, forte identidade individual como mariscadoras e lazos sólidos de pertenza ao grupo de mariscadoras<sup>17</sup>. Ademais, neses contextos as normas eran percibidas como necesarias e as mariscadoras tendían a estar implicadas na loita contra o furtivismo<sup>18</sup>, ao mesmo tempo que censuraban a violación dos códigos internos do grupo. Eses códigos de conduta propios<sup>19</sup>, os cales están recollidos en estatutos e son supervisados polo goberno galego (Xunta de Galicia, 2008), permiten reaccionar ante comportamentos como o furtivismo interno, articulando medidas de control e sanción propias<sup>20</sup>. Nese sentido, as mariscadoras poden proceder, dependendo da acción furtiva e da súa reiteración, a aplicar un castigo graduado aos apropiadores ilegais utilizando avisos, multas ou, inclusive, a expulsión do grupo de extractores<sup>21</sup>. Ese réxime de control interno serve, ademais, de filtro ante castigos formais externos, xeralmente máis estritos e inflexibles, protexendo aos membros do grupo ante faltas consideradas como menores.

Ademais, nas comunidades mellor xestionadas os regulamentos formais son aterrados sobre arranxos institucionais informais que catalizan a xestión eficiente<sup>22</sup>. Ditos arranxos informais,

---

<sup>15</sup> Segundo Ostrom (1990) deben darse os seguintes condicionantes para o éxito da acción colectiva na xestión dos recursos de uso común: 1) As comunidades involucradas no uso dos recursos e os seus membros deben estar claramente delimitados, 2) debe existir coherencia entre as condicións locais e as regras de apropiación e colaboración instauradas 3) existirán acordos sobre as decisións colectivas; 4) deberán existir mecanismos de control propios; 5) Ten que haber un sistema de sancións graduais; 6) Haberá mecanismos de resolución de conflitos ; 7) Debe ser recoñecido un dereito mínimo de auto organización .

<sup>16</sup> Se materializa o condicionante: 7.

<sup>17</sup> Se materializa o condicionante: 1.

<sup>18</sup> Se materializan os condicionantes: 6 e 7.

<sup>19</sup> Se materializa o condicionante: 4.

<sup>20</sup> Se materializa o condicionante: 4, 5 e 6.

<sup>21</sup> Se materializan os condicionantes: 4, 5 e 6.

<sup>22</sup> Se materializa o condicionante: 3.



xurdidos da experiencia na practica do marisqueo, solucionan problemas reais das mariscadoras que, normalmente, pasan inadvertidos durante formulación formal das normas<sup>23</sup>. Nestas comunidades os gobernadores fan certas concesións na aplicación das normas, prestando atención ao desempeño real da actividade e a interacción dos usuarios cos recursos. Esa flexibilidade pragmática reconece o papel fundamental dos usuarios no goberno dos ecosistemas que explotan, promovendo a lexitimidade das normas e, consecuentemente, o cumprimento das mesmas (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a; Berkes, 2007; Eliassen et al., 2013; Hatcher et al., 2000; Johnsen & Eliassen, 2011; Österblom et al., 2011; Ostrom, 1990, 2005; Pomeroy & Andrew, 2011; Pomeroy & Pido, 1995; Scott, 2000; Tebet et al., 2018; Tyler, 2006; Tyler, 2011). As condicións descritas deseñan un marco no que se potencializa o papel dos usuarios do recursos, establecendo incentivos adicionais para o cumprimento das normas, mellorando a lexitimidade dos procesos de goberno e das propias *regras do xogo*.

González Vidal (1989) defendeu que o furtivismo na pesca galega era tan común que o estraño era que alguén cumprise coas normas. Despois do proceso de mudanza institucional acontecido dende 1995 no que se teñen establecido as *regras do xogo* marisqueiro (Mahou Lago, 2008; Marugán-Pintos, 2004; Meltzoff, 1995), o observado no traballo de campo desta tese permite aseverar o contrario. Aínda que existen excepcións, na maior parte das comunidades marisqueiras consultadas os usuarios formais que deciden non adherirse as normas son os menos, mentres que a maioría cumpre coa lexislación vixente. Porén, no amplísimo marco marisqueiro galego, foron detectados episodios de furtivismo individual ou colectivo, as veces moi graves, protagonizados por comunitarios e individuos de dentro do sector pesqueiro.

Nalgunhas comunidades nas que se detectou furtivismo interno xeneralizado, é dicir, onde case todos os membros do sector practicaban o furtivismo, non se daban as condicións necesarias para sustentar unha actividade extractiva sustentable, de feito o recurso tendía a estar parcial ou completamente sobreexplotado, ou non tiña a calidade suficiente para ser comercializado. Nesa situación, o furtivismo presentouse como un problema estrutural derivado da desapropiada xestión dos recursos, converténdose nunha expresión de supervivencia na que as mariscadoras competían con numerosos furtivos externos polo

---

<sup>23</sup> Se materializa o condicionante: 2.

recurso, na maioría dos casos, sen posibilidades de poder combatelos e carecendo de apoio institucional, en forma de medios ou vixilancia. Esas comunidades deseñan unha actividade marisqueira decadente, nas que as *regras do xogo* son vulneradas sistematicamente, polo que as recomendacións de medidas de adherencia ás normas non son pertinentes. Do anterior subxace que, nalgúns casos, a revisión do sistema de xestión, así como as posibilidades reais de desenvolver unha actividade extractiva son as que deben ser analizadas.

Por outro lado, tamén se identificaron comunidades marisqueiras nas que o furtivismo interno era galopante e nas que se ten desenvolvido unha actividade marisqueira cortoplacista pero, de momento, prospera. Nestes casos, o furtivismo interno reporta altos beneficios, apoiándose nunha estrutura de protección aos furtivos que atinxe a gran parte dos extractores formais, aos seus dirixentes e, inclusive, aos vixilantes dos bancos marisqueiros. Neste contexto, o furtivismo interno é un xogo dirixido a deslexitimar as leis formais de ordenación do recurso, favorecendo os intereses dos comunitarios con dereitos de extracción, mentres que as demais posibilidades de furtivismo son perseguidas e castigadas. A comunidade funciona como un sistema de *enforcement* informal, pero esta vez, dun modo perverso e en sentido oposto aplicando presión social sobre aqueles que deciden adherirse ás ordenacións pesqueiras. Este tipo de expresión furtiva, ademais de altamente depredadora, afecta directamente a percepción de xustiza das normas e dos sistemas de sancións nos contextos comunitarios, menoscabando as formulas de ordenación deseñados para o goberno dos recursos. Neste caso, a utilización de medidas de represión coercitiva, detección eficiente e o castigo firme dos furtivos, son necesarias. A súa aplicación será un desafío porque, no contexto descrito, a resistencia ás normas será forte. Un rango de castigos adaptado á gravidade das accións debería ser implementado para modular a sanción e gañar en lexitimidade. Incautacións, multas ou medidas máis severas poden ser prescritas. A revogación, temporal ou definitiva, dos títulos formais dos mariscadores pode ser estudada como alternativa de punición en casos extremos, porén, no caso particular dos profesionais do mar, pode tornarse unha medida perversa que alimente o problema creando círculos viciosos de explotación furtiva (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018c). A expulsión dun individuo do sector de extracción formal significará un castigo severo, xa que en Galicia, as actividades ligadas ao mar superan o puramente económico, para erixirse como un estilo de vida que repousa en fortes riscos de identidade (García-Negro, 2010).

Retirar a posibilidade de traballo aos profesionais do mar pode inducilos a practicar o furtivismo cronicamente, e promover entre eles a percepción de ilexitude das normas, reforzando actitudes de non aceptación, xustificando comportamentos de rebeldía, resistencia e incumprimento das ordenacións pesqueiras (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a; Bell et al., 2007; Forsyth & Marckese, 1993b; E. von Essen et al., 2014). Polo anterior, as medidas normativas tamén deben ser aplicadas, para mudar a tendencia no incumprimento interno.

Nese sentido, potenciar a percepción sobre os beneficios de cumprimento, particularmente en termos da conservación do recurso e desempeño sustentable do marisqueo será perentorio. A flexibilidade pragmática na aplicación das normas debe ser considerada, sendo necesario un achegamento ás comunidades marisqueiras para acadar solucións adaptadas a cada caso.

Dun xeito xeral, a conxunción dos enfoques de disuasión e a análise pormenorizada de cada caso, promoverán a percepción de lexitimidade do sistema de goberno entre os usuarios, incrementándose a adhesión e cumprimento das leis entre os individuos que as deben respectar.

#### **7.4.3 Medidas para os furtivos alleos á comunidade e pertencentes ao sector marisqueiro.**

Os furtivos de tipo *Alleo á comunidade e pertence ao sector*, incluírán aos pescadores recreativos formais e, principalmente, os extractores profesionais formalmente habilitados que se desprazan a outras comunidades para participar en operacións furtivas representando unha grave ameaza para a actividade e os recursos, xa que: i) son individuos que posúen medios técnicos e coñecemento práctico para desenvolver unha extracción marisqueira rápida e eficaz, polo que as súas accións poden ter un alto impacto; ii) as súas actividades serán, xeralmente, premeditadas violando conscientemente as condicións dos seus títulos de propiedade formais, polo que empregarán estratexias de extracción e comercialización centradas en evadir a posible detección e castigo; iii) fóra do entorno comunitario pérdense os vínculos sociais e a influencia da comunidade como sistema informal de *enforcemnet* positivo. A presión social do grupo, a lealdade e reciprocidade entre pares, así como as conviccións morais cara o cumprimento das normas sobre pesca se disipan (Gezelius, 2003).

O perigo constituído por estes furtivos recomenda a súa persecución coercitiva. Dun modo xenérico, estes furtivos están ligados á tenencia de dereitos de propiedade formais o que

apoiará a aplicación de medidas de castigo moduladas, como diferentes rangos de multas, decomisos e incautacións de produtos, materias e embarcacións. A revogación temporal ou definitiva dos títulos formais poden ser aplicadas, pero como foi exposto debe ser unha medida contraproducente. Para os casos máis graves poderían ser revisados séndolles aplicados as sancións máis serias recollidas no código penal. Outra alternativa de carácter instrumental articulable e extrapolable a outros tipos de furtivos, sería a de asfixiar as vías de comercialización dos produtos furtivos. Estas medidas atinxirían a outros aros da cadea furtiva máis alá dos extractores, para responsabilizar tamén a intermediarios e comercializadores. Esta medida esixirá vixilancia e control das vías de comercialización, así como castigos apropiados para os vendedores.

A vía normativa debe ser promovida complementariamente. Medidas de concienciación e educación poden ter efectos sobre os furtivos de menor impacto, particularmente cando se trata de furtivos recreativos. Outras accións de concienciación deben ser promovidas entre os membros do sector pesqueiro que practican o furtivismo en comunidades alleas. A sobreexplotación dos recursos en comunidades veciñas terá efectos sobre os mariscadores/as veciños/as, é dicir, sobre compañeiros de profesión. Promover a empatía entre mariscadores e comunidades que encaran unha mesma actividade, así como dificultades e desafíos similares pode ser recomendable. Ademais as rías galegas son sistemas ecolóxicos ligados, polo que a degradación dos ecosistemas próximos aos recursos propios pode ter consecuencias directas sobre os mesmos.

#### **7.4.4 Medidas para os furtivos alleos á comunidade e alleos ao sector marisqueiro.**

Dun xeito xeral, os incentivos para a conservación dos recursos son baixos para aqueles individuos alleos a comunidade e/ou ao sector pesqueiro. Nun contexto tan favorable para o furtivismo como o galego, un amplísimo abano de individuos pode encaixarse dentro da definición de furtivos de que non teñen dereitos de propiedade formais e informais (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a; Ballesteros et al., 2017; González Arias et al., 2011). Nese grupo de furtivos que operan con frecuencia elevada e utilizando medio técnicos e estratexias de extracción sofisticadas son comúns, podendo ter un impacto moi alto sobre os recursos. Por outra banda, proliferan furtivos ocasionais e oportunistas que practican un furtivismo de baixo impacto (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2018a).

Nese sentido, a vixilancia efectiva e un castigo adaptado á frecuencia e as prexuízos causados por cada actividade furtiva son os recomendados. As multas ou a incautación de materiais e mariscos poden funcionar como accións disuasorias xerais. O apoio de accións de carácter normativo pode ser prescrito, adicionalmente, como medio de chegar a aqueles individuos que practican un furtivismo de baixo impacto, ocasional e oportunista, con unha disposición maior para o cumprimento da lei. Nese sentido campañas de educación e concienciación sobre os problemas asociados ás extraccións furtivas, incluídos os custos de oportunidade impostos ao sector formal e a exposición dos perigos de consumir mariscos sen garantías sanitarias, poden axudar a promover o cumprimento das normas.

## 7.5 CONSIDERACIÓNS FINAIS


A ambivalencia na percepción dos entrevistados sobre furtivos, discriminando entre quen non é profesional do marisqueo e furtivos internos ao sector, plasmase nas medidas que recomentan para loitar contra o furtivismo. A información obtida no traballo de campo ( Táboas 11 e 13) mostrou que, mentres que no primeiro caso, os informantes apuntaron a medidas de acción coercitiva, no segundo o cumprimento normativo é inherente ás comunidades nas que non existe furtivismo de tipo interno. Neste punto prodúcese unha dicotomía na acción política que enfatiza o *enforcement* para quen non é do sector e subliña a promoción do *compliance* normativo para quen ten títulos formais de explotación marisqueira.

A estratexia de acción contra o furtivismo proposta nesta tese se alia con esa idea, recomendar a utilización de medidas que combinen mecanismos instrumentais, e accións que poidan incidir na aceptación voluntaria das normas. Esa formula deberá estar supeditada ao ambiente institucional concreto de cada caso, é dicir, deben considerarse tanto as posibilidades de que se produzan arranxos informais de xestión, como o tipo de furtivo que estean en xogo. Como foi exposto, cada tipo de furtivo necesitará un paquete de medidas adaptado polo que, a utilización de dereitos de propiedade como mecanismos institucionais que inciden no comportamento dos usuarios dos recursos, pode ser útil para guiar esa acción axustada (Alchian & Demsetz, 1973; Demsetz, 1967; Ostrom, 1990, 2005; Schlager & Ostrom, 1992; A Scott, 2000).

Por outro lado é importante sinalar as necesidades futuras de investigación que permitirían mellorar o traballo realizado e a formulación de políticas de loita contra o furtivismo. En

primeiro lugar, sería recomendable profundar na investigación da lexitimidade das leis que afectan aos mariscadores, tanto na ordenación dos recursos, como na loita contra o furtivismo. O anterior permitiría mellorar a comprensión sobre como os usuarios formais dos recursos marisqueiros galegos se adhíren as normas de pesca<sup>24</sup>. Sobre eses punto enfoque sociolóxico, recomenda a exploración dos termos de xustiza sobre os que se alicerza o concepto de lexitimidade (R. Pomeroy & Andrew, 2011; Stern, 2008; T. R. Tyler, 1991). Por un lado, habería que analizar os elementos que afectan a xustiza distributiva, aquela ancorada na utilidade e efectividade das normas, e por outro os termos nos que se materializa a xustiza procesual, é dicir a que a validade e xustiza dos procesos que dan forma ao sistema legal (T. Tyler, 2011; T. R. Tyler, 1991). Nese sentido son numerosos os estudos

Por outro lado, co fin de mellorar os termos de representación da información presentada, sería recomendable aumentar a escala do estudo e o número de enquisas realizadas.



---

<sup>24</sup> Dun modo preliminar, o concepto de lexitimidade foi explorado nesta tese, incluíndo os termos de xustiza procesual e distributiva. Este concepto debe ser tratado con maior profundidade.







## **8. CONCLUSIÓN**





## 8 CONCLUSIÓNS

### 8.1 CONCLUSIÓNS XERAIS

Nesta tese desenvólvese unha liña de investigación sobre o furtivismo marisqueiro en Galicia, o cal foi entendido como a falta de adhesión voluntaria (*non-compliance*) á ordenación marisqueira e as leis de pesca. O furtivismo marisqueiro galego foi contextualizado, definido e descrito ao longo deste traballo, tomando a información dos dous estudos de caso deseñados para ese fin. Nese sentido, os estudos de campo proporcionaron abundante información, cuantitativa e cualitativa, sobre o furtivismo marisqueiro galego recollida en 48 entrevistas en profundidade e, nun total, de 150 enquisas.

A achega central desta tese foi presentar as potencialidades da co-xestión dos recursos nas comunidades marisqueiras galegas, enfatizando a súa capacidade para intervir na xestión adaptada do furtivismo.

Adicionalmente, outros 4 vectores fundamentais de estudo foron abordados nesta tese:

1. Explorouse o ambiente institucional comunitario e os arranxos informais que se poden materializar neses contextos, arranxos que se combinan ou complementan coas *regras do xogo* definidas polo goberno galego para a ordenación formal do marisqueo, e que poden condicionar a xestión do furtivismo.
2. Ao redor da esfera institucional informal e da súa influencia na xestión, foi abordada outra das cuestións centrais desta tese, a posible tolerancia do furtivismo.
3. Profundouse no estudo das comunidades marisqueiras como espazos institucionais ricos e complexos, o que permitiu enxergar os seu lindes definíndoas segundo a percepción das mariscadoras e mariscadores galegos.
4. Elaborouse unha clasificación de furtivos, exclusiva e exhaustiva, que pretendeu encher un baleiro teórico na literatura sobre o tema.

### 8.2 PRINCIPAIS ACHEGAS POR CAPÍTULOS

Neste apartado serán expostas as achegas centrais dos capítulos 2, 3, 4, 5, 6 e 7 desta tese.

O capítulo 2 deliñou as características do furtivismo marisqueiro galego, revelando a existencia de condicionantes contextuais para o furtivismo<sup>25</sup>, os cales funcionan como incentivos xerais para a extracción ilegal de marisco. A relevancia do recoñecemento de incentivos estruturais incrustados na arquitectura institucional das comunidades de mar é que se liga a actividade furtiva ao contexto e ás súas características. Ese matiz se torna central ao observar que os modelos explicativos do furtivismo que, xeralmente, operan a nivel individual tenden a considerar ós furtivos como tomadores de decisións independentes do marco institucional no que están inmersos (Von Essen et al., 2014). Recoñecer a existencia destes condicionantes sistémicos significa que os furtivos non están illados do contexto, sendo influenciados polo que nel acontece.

Dende o punto de vista da acción política, a consideración de independencia podería promover, só e unicamente, a disuasión coercitiva dos extractores ilegais ignorando outros problemas de fondo que incentivan o furtivismo e sobre os que tamén sería conveniente intervir dun xeito non coercitivo. En esencia, a existencia de condicionantes sistémicos permitiu definir o problema de estudo no contexto galego e, ao mesmo tempo, tornouse a primeira evidencia sobre que a acción política deberá centrarse no deseño e aplicación de medidas adaptadas ás necesidades do marisqueo e ás particularidades do furtivismo galego.

O capítulo 3 avanzou nesas particularidades, explorando os límites da co-xestión nas comunidades marisqueiras galegas e, en concreto, na ligazón entre os arranxos institucionais informais que rexen a xestión pragmática dos recursos e os comportamentos de aceptación de certas accións de furtivismo marisqueiro. Dado que a regulación informal, a realizada polas mariscadoras, incidirá no goberno dos recursos locais, o obxectivo fundamental deste capítulo foi identificar en que casos e baixo que condicións particulares o furtivismo marisqueiro é tolerado nas comunidades marisqueiras galegas. Ademais das achegas principais, este capítulo amosou os seguintes resultados complementarios de relevancia:

Os furtivos marisqueiros en Galicia son moitos, heteroxéneos, actúan por diversas motivacións e utilizan diferente grado de capital, organización e tecnoloxía. Nese sentido, a

---

<sup>25</sup> A partir de 48 entrevistas en profundidade foron identificados 5 tipos de incentivos xenéricos para a práctica do furtivismo: i) as extraccións ilegais de marisco son lucrativas, doadas e baratas de practicar; ii) O acceso aos recursos é fácil e inmediato; iii) É unha actividade segura para os furtivos en termos de detección e castigo. É común que os extractores ilegais non sexan castigados ou saían impunes, iv) Hai un mercado negro consolidado e disposto a absorber os produtos furtivos en grandes cantidades e a bo prezo, v) O furtivismo marisqueiro galego pode gozar de aceptación social nas comunidades marisqueiras

partir da percepción dos usuarios formais dos recursos compilouse unha lista descritiva con 19 tipos de furtivos marisqueiros<sup>26</sup>. Na literatura sobre o furtivismo, esta é a lista que recolle un maior número e diversidade de apropiadores ilegais de vida animal. Considerando esta circunstancias e uníndoa á complexidade dos contextos institucional e socioeconómico das comunidades marisqueiras, o estudo do furtivismo marisqueiro galego se xustifica e lexítima como caso de estudo relevante.

As motivacións para a práctica do furtivismo son múltiples, téndose identificado dous grupos fundamentais de incentivos para as extraccións ilegais de marisco. Por un lado, as omnipresentes motivacións de tipo económico que engloban as xustificacións descritas no Capítulo 3 como: Ánimo de lucro, Autoconsumo, Vicio e Necesidade. Por outro lado, motivacións oportunistas ligadas ao contexto que incentivan a práctica do furtivismo, fundamentalmente, as limitacións no control e vixilancia da costa galega.

Sobre as motivacións identificadas, probouse que as operacións furtivas susceptibles de ser aceptables nas comunidades de estudo, é dicir, aquelas sobre as que se poden materializar arranxos informais de acceso e explotación aos recursos, son dúas: Necesidade e Autoconsumo.

A pertenza á comunidade xurdiu como un alicerce central nas posibilidades de que se materialicen arranxos de xestión informais sobre os recursos, é dicir, para que a tolerancia poida acontecer os furtivos deben ser recoñecidos como membros da comunidade de mariscadoras.

As anteriores achegas complementarias deron forma as dúas contribucións centrais deste capítulo:

A nivel comunitario, a tolerancia dalgunhas actividades furtivas implica a existencia de mecanismos de acción institucional que favorecen o goberno da actividade marisqueira e o amparo social de certos membros das comunidades de mar.

---

<sup>26</sup> Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez (2018a) recompilaron unha lista non exclusiva de 19 tipos de furtivos presentes na costa galega que foron identificados polos membros das confrarías de pescadores: 1.Desempregados, 2. Turistas e veraneantes 3.Xubilados, 4. Pescadores retirados, 5. Residentes locais, 6.Xoves locais, 7.Donas de Casa,, 8. Grupos familiares, 9. Persoas en risco de exclusión social, 10. Drogadictos, 11. Insolventes, 12.Furtivos Recreativos, 13. Furtivos Profesionais, 14. Furtivos Organizados, 15. Furtivos Internos, 16. Furtivos por razóns Económicas, 17.Furtivos por necesidade, 18.Furtivos por Vicio, 19. Furtivos por autoconsumo.

Certas actitudes de tolerancia do furtivismo transcenden do beneficio individual dos furtivos para redundar no beneficio colectivo da comunidade marisqueira.

O capítulo 4 foi deseñado coa intención de dimensionar o furtivismo marisqueiro galego nun marco afectado pola crise económica. Nese sentido, tense argumentado que contexto económico é fundamental para definir a existencia de furtivos dos recursos naturais, dado que nun ambiente de crise, desemprego estrutural e falta xeral de posibilidades, se agudiza a precariedade promovéndose a busca de rendas alternativas na explotación informal dos recursos naturais (Andrews-Chouicha & Gray, 2005)

As achegas centrais deste capítulo foron:

1. A identificación das tendencia do furtivismo nas confrarías de mariscadoras galegas en función do aumento, redución ou estabilidade das apropiacións ilegais de marisco entre os anos 2008-2012. Adicionalmente, foron identificadas as causas para o aumento, redución ou estabilidade do furtivismo no mesmo período.
2. Probase que a crise económica e o aumento do furtivismo nalgunhas das comunidades marisqueiras galegas están significativamente asociados.
3. Abordouse, por primeira vez nesta tese, a discusión sobre a acción política na loita contra o furtivismo, mostrando a pertinencia de completar os métodos de disuasión coercitivos cos mecanismos de xestión informal aplicados nas comunidades de mariscadoras galega, especialmente en contextos co-xestionados nos que se identifican procesos de desemprego e necesidade.
4. Recomendouse a conxugación de medidas de acción coercitiva con outras destinadas á mellora da xestión dos recursos para loitar contra o furtivismo, en función das evidencias empíricas<sup>27</sup> derivadas da análise das tendencias e motivacións para o aumento, redución ou estabilidade do furtivismo.
5. Nesa liña, sinalouse como un perigo na xestión do furtivismo que se materialicen sistemas de castigo xenéricos, os cales poidan perverterse xerando situacións

---

<sup>27</sup> Nas comunidades nas que se identificou un descenso do furtivismo, o 38% dos enquisados consultados argumentou que a causa foi mellora de vixilancia e da presión coercitiva exercida sobre os furtivos. Nas mesmas comunidades o 25% dos enquisados explicou que a redución respondía a un xestión mellorada dos recursos, por parte das confrarías e agrupacións de mariscadoras. Ese bo facer ligouse a accións de coordinación, organización e implicación das mariscadoras no coidado e mantemento do recurso, na vixilancia, na denuncia de furtivos e na concienciación sobre o rexeitamento de diversas formas de furtivismo interno.

contraproducentes, nas que o combate do furtivismo o promova (*Circulo Vicioso do Furtivismo*).

O capítulo 5 desta tese foi deseñado para completar as súas necesidades de investigación, achegando aportacións que complementan o exposto nos capítulos previos e que sustentan o desenvolvemento teórico dos capítulos posteriores. Para iso deseñouse un estudo de campo aplicado no ano 2017 na comunidade de mariscadoras de Noia. Devandito estudo explorou a influencia da propia comunidade na xestión informal do furtivismo.

O desenvolvemento deste capítulo esixiu probar, para o caso particular de Noia, que a tolerancia de accións de *non-compliance* está suxeita ao recoñecemento dos furtivos como membros da comunidade e a motivacións para a práctica do furtivismo específicas (necesidade e autoconsumo). Estas hipóteses teóricas que xa foron testadas nos capítulos 3 e 4, volveron a ser demostradas reforzando as achegas feitas neses capítulos.

As contribucións adicionais derivadas do experimento aplicado na comunidade de Noia, foron:

1. Demostrouse que a noción de comunidade sustenta as posibilidades de co-xestión dos recursos e aceptabilidade de certas accións de *non-compliance* ca ordenación marisqueira.
2. Os dereitos de propiedade informais de acceso e explotación son concedidos só a membros recoñecidos da comunidade de mariscadoras.
3. Utilizando a percepción das mariscadoras mediuse a pertenza á comunidade dunha lista de individuos que potencialmente poden practicar o furtivismo en Noia. O anterior permitiu deliñar os lindes da comunidade. As mariscadoras consultadas presentaron a comunidade como un contexto de intereses compartidos, un proxecto colectivo que vai máis alá da ocupación do mesmo espazo xeográfico. Polo anterior, segundo as informantes os membros da comunidade son individuos que dependen e habitan preto dos recursos, non necesariamente en Noia, e ademais aqueles recoñecidos como participantes da actividade marisqueira.
4. Por primeira vez en estudos sobre apropiación ilegal de vida animal, a tolerancia do furtivismo foi cuantificada. Demostrouse que a tolerancia do furtivismo é posible, pero aínda así é un fenómeno indesexable cun grado de aceptación baixo entre os mariscadores formais de Noia.

5. Para outorgar grado á aceptabilidade do furtivismo, creouse un ranking xustificado de tolerancia de accións furtivas que combina motivacións para a práctica do furtivismo, pertenza á comunidade e tipos de furtivos.

Os capítulos 6 e 7, utilizaron as achegas realizadas nas seccións anteriores desta tese, para xunto enfoques teóricos baseados na teoría neoinstitucional e nos principios de disuasión presentes na literatura sociolóxica, crear unha clasificación de furtivos funcional (Capítulo 6), que ademais puidese orientar a acción política na loita contra o furtivismo (Capítulo 7).

A achega central do Capítulo 6 foi a de crear unha clasificación, exclusiva e exhaustiva de furtivos marisqueiros. A calidade de exclusividade baseouse nas características e grado de materialización dos dereitos de propiedade, formais e informais, ostentados polos furtivos. Ese criterio permitiu crear unha clasificación de 4 tipos xerais de furtivos para a xestión do furtivismo, na que os furtivos están claramente definidos, polo que un individuo só poderá satisfacer, ao mesmo tempo, as condicións de pertenza a un tipo de furtivo. Os 4 tipos xerais de furtivos propostos son: 1. Furtivos Comunitarios e pertencentes ao sector pesqueiro; 2. Furtivos Comunitarios e alleos ao sector pesqueiro; 3. Furtivos alleos á Comunidade e pertencente ao sector pesqueiro ; 4. Furtivo Alleo á Comunidade e alleo ao Sector pesqueiro.

A clasificación tamén satisfai a exigencia de exhaustividade, tendo a virtude de poder ordenar a un número alto de apropiadores ilegais de marisco. O anterior demostrouse catalogando, dentro dos 4 tipos xerais de furtivos para a xestión, a todos os furtivos (19) marisqueiros galegos identificados no Capítulo 3 desta tese.

No Capítulo 7 avanzouse proponendo políticas xerais orientadas ao combate do furtivismo. As recomendacións para cada un dos 4 tipos de furtivos xerais propostos no Capítulo 6, tiveron en conta a premisa de que cada tipo de furtivo debe ser combatido dun modo adaptado.

Considerando os avances feitos nos diferentes capítulos desta tese, a pregunta de investigación inicial: *Como no contexto de co-xestión do marisqueo galego se pode loitar contra o furtivismo?*, foi respondida considerando a existencia de diferentes tipos de extractores ilegais e a posible materialización de arranxos informais que poden afectar á actividade extractiva, proponendo unha estratexia de combate do furtivismo combinada. Esta estratexia mixta conxuga medidas de acción instrumental e normativa, o que probablemente



axudará a mellorar o facer cumprir (*enforcement*) e a adhesión e cumprimento das normas marisqueiras (*compliance*).

### **8.3 FUTURAS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN**

É importante sinalar as necesidades futuras de investigación que permitan mellorar o traballo realizado e a formulación de políticas de loita contra o furtivismo.

En primeiro lugar, sería recomendable profundar na investigación da lexitimidade das leis que afectan aos mariscadores, tanto na ordenación dos recursos, como na loita contra o furtivismo. O anterior permitiría mellorar a comprensión sobre como os usuarios formais dos recursos marisqueiros galegos se adhiren as normas de pesca. Sobre eses punto enfoque sociolóxico, recomenda a exploración dos termos de xustiza sobre os que se alicerza o concepto de lexitimidade (Tyler, 1991). Por un lado, habería que analizar os elementos que afectan a xustiza distributiva, aquela ancorada na utilidade e efectividade das normas, e por outro os termos nos que se materializa a xustiza procesual, é dicir a que a validade e xustiza dos procesos que dan forma ao sistema legal (Tyler, 1991; TR Tyler, 2011).

Os capítulos 6 e 7 desta tese, aínda que se basean en evidencias empíricas son de carácter teórico. A súa revisión práctica e aplicación sobre o terreo poderían constatar, ou non, a súa validade, así como ofrecer liñas de mellora na formulación da tipoloxía furtiva proposta e das posibles medidas de acción contra o furtivismo.

Nesa liña, co fin de mellorar os termos de representación da información presentada, sería recomendable aumentar a escala, e perfeccionar o marco de estudo.

Abordar a avaliación do impacto do furtivismo sobre os bancos marisqueiros galegos e sobre a actividade económica debería ofrecer unha fotografía máis detallada sobre a verdadeira dimensión do problema. Nese sentido, sería pertinente coñecer os efectos das extraccións incontroladas, tanto a efectos de conservación, como a efectos de definir os impactos sobre os mercados incluíndo a incidencia nos prezos percibidos polos produtores legais. Con todo un coñecemento máis preciso, podería axudar a facer recomendacións máis axustadas a realidade socioeconómica e aos marcos institucionais das comunidades marisqueiras, favorecendo unha mellor xestión dos problemas de a mar.



## **9.BIBLIOGRAFÍA**





## 9 BIBLIOGRAFÍA

- Adams, W., Aveling, R., & Brockington, D. (2004). Biodiversity conservation and the eradication of poverty. *Science*, 306(5699), 1146–1149. <http://doi.org/10.1126/science.1097920>
- Agrawal, A. (2001). Common property institutions and sustainable governance of resources. *World Development*, 29(10), 1649–1672. [http://doi.org/10.1016/S0305-750X\(01\)00063-8](http://doi.org/10.1016/S0305-750X(01)00063-8)
- Agrawal, A., & Gibson, C. C. (2001). The role of community in natural resource conservation. *Communities and the Environment: Ethnicity, Gender, and the State in Community Based Conservation*, 27(4).
- Alchian, A. a., & Demsetz, H. (1973). The Property Right Paradigm. *The Journal of Economic History*, 33(1), 16–27. <http://doi.org/10.1017/S0022050700076403>
- Alló, M., & Loureiro, M. L. (2017a). The impact of illegal harvesting on time preferences and willingness to participate in shellfish resource management. *Resource and Energy Economics*. <http://doi.org/10.1016/j.reseneeco.2017.10.006>
- Alló, M., & Loureiro, M. L. (2017b). The role of social norms on conservation programmes in shellfish fisheries. *Marine Policy*, 84(July), 134–141. <http://doi.org/10.1016/j.marpol.2017.07.008>
- Amigo-Dobaño, L., Garza-Gil, M. D., & Varela-Lafuente, M. (2012). The perceptions of fisheries management options by Spain's Atlantic fishermen. *Marine Policy*, 36, 1105–1111. <http://doi.org/10.1016/j.marpol.2012.02.015>
- Anderson, J. L. (2002). Perspectives aquaculture and the future: why fisheries economists should care. *Marine Resource Economics*, 17(3939), 133–151.
- Andrews-Chouicha, E., & Gray, K. (2005). *Why fish piracy persists: the economics of illegal, unreported, and unregulated fishing*. OECD Publishing.
- Arias, A., Cinner, J. E., Jones, R. E., & Pressey, R. L. (2015). Levels and drivers of fishers' compliance with marine protected areas. *Ecology and Society*, 20(4).
- Armitage, D. (2005). Adaptive Capacity and Community-Based Natural Resource

Management. *Environmental Management*, 35(6), 703–715.  
<http://doi.org/10.1007/s00267-004-0076-z>

- Ayling, J. (2013). What Sustains Wildlife Crime? Rhino Horn Trading and the Resilience of Criminal Networks. *Journal of International Wildlife Law & Policy*, 16(1), 57–80.  
<http://doi.org/10.1080/13880292.2013.764776>
- Ballesteros, H. M., & Rodríguez-Rodríguez, G. (2016). Typology of poachers: a classification of natural resources poachers from the sea. In *IIFET 18th Biennial Conference 2016, Aberdeen, Scotland*. Aberdeen, Scotland.
- Ballesteros, H. M., & Rodríguez-Rodríguez, G. (2017). Good and bad poachers: lessons for the shellfish resources management from Galician Shellfish gatherers communities. In *The XXIIIrd Conference of the European Association of Fisheries Economists (EAFE)* (p. 26).
- Ballesteros, H. M., & Rodríguez-Rodríguez, G. (2018a). “Acceptable” and “unacceptable” poachers: Lessons in managing poaching from the Galician shellfish sector. *Marine Policy*, 87(January 2018), 104–110. <http://doi.org/10.1016/j.marpol.2017.10.015>
- Ballesteros, H. M., & Rodríguez-Rodríguez, G. (2018b). *Community as an explanatory factor of the acceptance of poaching*. Santiago de Compostela.
- Ballesteros, H. M., & Rodríguez-Rodríguez, G. (2018c). Economic crisis and poaching: Advice on anti-poaching management from the Galician shellfish sector. *Deviant Behavior*, (Forthcoming).
- Ballesteros, H. M., Rodríguez-Rodríguez, G., & Alcoforado, I. G. (2011). La respuesta neoinstitucional a los problemas de la pesca: estado del arte sobre las Cuotas Transferibles Individuales. *Revista Galega de Economía*, 20(2), 1–19.
- Ballesteros, H. M., Rodríguez-Rodríguez, G., & Bande Ramundo, R. (2017). Incentivos estructurales para la práctica del furtivismo marisquero en Galicia: una aproximación cualitativa. In *La gobernanza marítima europea. Retos planteados por la reforma de la Política Pesquera Común* (pp. 235–257).
- Ballesteros, H. M., Rodríguez-Rodríguez, G., & García-Negro, M. do C. (2013). Extrações IUU na Galicia: Mariscagem ilegal em comunidades de pequena escala. In *X Encontro*

da Sociedade Brasileira de Economia Ecológica, *EcoEco*. Vitória-Espírito Santo, Brasil.  
<http://doi.org/10.13140/RG.2.1.4553.4961>

Becker, G. (1974). Crime and punishment: An economic approach. In G. S. Becker & W. M. Landes (Eds.), *Essays in the Economics of Crime and Punishment* (pp. 1–54). NBER. Retrieved from <http://www.nber.org/chapters/c3625>

Becker, G. S. (1968). *Crime and Punishment*.

Beiras, X. (1976). *Posibilidades y limitaciones económico-ecológicas del polo de desarrollo de Vilagarcía de Arousa: estudio del sector marisquero en la Ría de Arousa*. Santiago de Compostela. Retrieved from [http://scholar.google.com/scholar?hl=en&btnG=Search&q=intitle:Posibilidades+y+limitaciones+económico-ecológicas+del+polo+de+desarrollo+de+Vilagarcía+de+Arousa+:\(estudio+del+sector+marisquero+en+la+Ría+de+Arousa\)#0](http://scholar.google.com/scholar?hl=en&btnG=Search&q=intitle:Posibilidades+y+limitaciones+económico-ecológicas+del+polo+de+desarrollo+de+Vilagarcía+de+Arousa+:(estudio+del+sector+marisquero+en+la+Ría+de+Arousa)#0)

Bell, S., Hampshire, K., & Topalidou, S. (2007). The political culture of poaching: a case study from northern Greece. *Biodiversity and Conservation*, 16(2), 399–418. <http://doi.org/10.1007/s10531-005-3371-y>

Bennett, N. J. (2016). Using perceptions as evidence to improve conservation and environmental management. *Conservation Biology*, 30(3), 582–592. <http://doi.org/10.1111/cobi.12681>

Bergseth, B. J., & Roscher, M. (2018). Discerning the culture of compliance through recreational fisher's perceptions of poaching. *Marine Policy*. <http://doi.org/10.1016/j.marpol.2017.12.022>

Bergseth, B. J., Russ, G. R., & Cinner, J. E. (2015). Measuring and monitoring compliance in no-take marine reserves. *Fish and Fisheries*, 16(February), 240–258. <http://doi.org/10.1111/faf.12051>

Bergseth, B. J., Williamson, D. H., Russ, G. R., Sutton, S. G., & Cinner, J. E. (2017). A social–ecological approach to assessing and managing poaching by recreational fishers. *Frontiers in Ecology and the Environment*, 15(2), 67–73. <http://doi.org/10.1002/fee.1457>

Berkes, F. (2004). Rethinking community-based conservation. *Conservation Biology*, 18(3),

- 621–630. <http://doi.org/10.1111/j.1523-1739.2004.00077.x>
- Berkes, F. (2007). Community-based conservation in a globalized world. *Pnas*, *104*(39), 15188–15193. <http://doi.org/10.1073/pnas.0702098104>
- Blevins, K., & Edwards, T. (2009). Wildlife Crime. In M. J. (Ed.), *21st Century criminology : A reference handbook*. (pp. 557–563). Thousand OAKS: SAGE Publications, Inc. <http://doi.org/10.4135/9781412971997.n65>
- Bodin, Ö., & Crona, B. I. (2008). Management of Natural Resources at the Community Level: Exploring the Role of Social Capital and Leadership in a Rural Fishing Community. *World Development*, *36*(12), 2763–2779. <http://doi.org/10.1016/j.worlddev.2007.12.002>
- BOE, M. de J. Código Penal y Legislación Complementaria (2017). Madrid. Retrieved from [www.boe.es/legislacion/codigos/](http://www.boe.es/legislacion/codigos/)
- Boonstra, W. J., Birnbaum, S., & Björkvik, E. (2017). The quality of compliance: investigating fishers' responses towards regulation and authorities. *Fish and Fisheries*, *18*(4), 682–697. <http://doi.org/10.1111/faf.12197>
- Borrini-Feyerabend, G. (2000). *Co-management of Natural Resources: Organising, Negotiation and Learning by Doing*. Yaoundé, Cameroon: IUCN Regional Office for Central Africa (ROCA).
- Braden, K. (2015). Illegal recreational hunting in Russia: the role of social norms and elite violators. *Eurasian Geography and Economics*, (April), 1–34. <http://doi.org/10.1080/15387216.2015.1020320>
- Bragagnolo, C., Correia, R., Malhado, A. C. M., de Marins, M., & Ladle, R. J. (2017). Understanding non-compliance: Local people's perceptions of natural resource exploitation inside two national parks in northeast Brazil. *Journal for Nature Conservation*, *40*(September), 64–76. <http://doi.org/10.1016/j.jnc.2017.09.006>
- Brymer, R. A. (1991). The emergence and maintenance of a deviant subculture : the case of hunting / poaching sub-culture. *Anthropologica*, *33*(1), 177–194.
- Burgos, A., & Fernández, D. (2014). Áreas Marinas Protegidas : contexto español y el caso de “ Os Miñarzos. *Letras Verdes. Revista Latinoamericana de Estudios Socioambientales*,



15, 30–54.

- Caballero-Miguez, G., Garza-Gil, M. D., & Varela-Lafuente, M. M. (2012). Legal change, property rights system and institutional stability: The case of the floating raft culture in the Galician mussel sector. *Ocean & Coastal Management*, 55, 84–93. <http://doi.org/10.1016/j.ocecoaman.2011.10.002>
- Caballero Miguez, G., Garza Gil, M. D., & Varela Lafuente, M. M. (2008). Institutions and management of fishing resources: The governance of the Galician model. *Ocean & Coastal Management*, 51(8–9), 625–631. <http://doi.org/10.1016/j.ocecoaman.2008.06.003>
- Calo Lourido, F. (1998). Individualismo fronte ós nosos, afirmación local contra os alleos e defensa do territorio. In F. (Coord) Calo Lourido (Ed.), *Antropoloxía Mariñeira - Actas do Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde* (pp. 1–361). Consello Cultura Galega.
- Calo Lourido, F. (2014). A cultura da terra e a cultura do mar. *Portvgalia*, 35, 151–163.
- Carlsson, L., & Berkes, F. (2005). Co-management: Concepts and methodological implications. *Journal of Environmental Management*, 75(1), 65–76. <http://doi.org/10.1016/j.jenvman.2004.11.008>
- Cepić, D., & Nunan, F. (2017). Justifying non-compliance: The morality of illegalities in small scale fisheries of Lake Victoria, East Africa. *Marine Policy*, 86(September), 104–110. <http://doi.org/10.1016/j.marpol.2017.09.018>
- Costanza, R., Ostrom, E., & Low, B. (2000). Institutions, ecosystems, and sustainability. Retrieved from <http://library.wur.nl/WebQuery/clc/1634878>
- Cox, M., Arnold, G., & Villamayor Tomás, S. (2010). A Review of Design Principles for Community-based Natural Resource Management. *Ecology and Society*, 15(4).
- Crow, M. S., Shelley, T. O., & Stretesky, P. B. (2013). Camouflage-Collar Crime: An Examination of Wildlife Crime and Characteristics of Offenders in Florida. *Deviant Behavior*, 34(8), 635–652. <http://doi.org/10.1080/01639625.2012.759049>
- Curcione, N. (1992). Deviance as delight: Party boat poaching in southern California. *Deviant*

*Behavior*, 13(1), 33–57. <http://doi.org/10.1080/01639625.1992.9967897>

de Coning, E., & Witbooi, E. (2015). Towards a new 'fisheries crime' paradigm: South Africa as an illustrative example. *Marine Policy*, 60, 208–215. <http://doi.org/10.1016/j.marpol.2015.06.024>

DeMaio, T. (1984). Social Desirability and Survey Measurement: A Reviewa Review. In C. T. Turner & E. Martin (Eds.), *Surveying Subjective Phenomena*. New York: Russel Sage Foundation.

Demsetz, H. (1967). Toward a theory of property rights. *The American Economic Review*, 57(2), 347–359. <http://doi.org/10.4324/9780203878460>

Díaz de Rada, V. (2001). *Diseño y elaboración de cuestionarios para la investigación comercial*. ESIC Editorial.

Díaz de Rada, V. (2002). *Tipos de encuestas y diseños de investigación*. Colección Ciencias Sociales. Universidad Pública de Navarra . Nafarroako Unibertsitate Publikoa. Retrieved from <http://scholar.google.com/scholar?hl=en&btnG=Search&q=intitle:tipos+DE+ENCUESTAS+Y+DISEÑOS+DE+INVESTIGACIÓN#0>

Díaz de Rada, V. (2005). Manual de trabajo de campo en la encuesta. *Ris*, LXVI(49), 284. Retrieved from <http://revintsociologia.revistas.csic.es/index.php/revintsociologia/article/viewFile/92/93%5Cnhttp://books.google.com.co/books?id=LY5eZ56ISogC>

Díaz de Rada, V. (2010). *Comparación entre los resultados proporcionados por encuestas telefónicas y personales: el caso de un estudio electoral* (1st ed.). Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas, CIS.

Dietz, T., Ostrom, E., & Stern, P. C. (2003). The Struggle to Govern the Commons. *Science*, 302(5652), 1907–1912. <http://doi.org/10.1126/science.1091015>

Duffy, R., & St John, F. (2013). *Poverty, poaching and trafficking: what are the links?* Retrieved from <https://www.gov.uk/dfid-research-outputs/poverty-poaching-and-trafficking-what-are-the-links>

- Duffy, R., St John, F. A. V., Büscher, B., & Brockington, D. (2016). Toward a new understanding of the links between poverty and illegal wildlife hunting. *Conservation Biology*, 30(1), 14–22. <http://doi.org/10.1111/cobi.12622>
- Durston, J. (1999). Construyendo capital social comunitario. *Revista de La CEPAL*, 69, 103–118. Retrieved from <http://repositorio.cepal.org/handle/11362/6262>
- Eliason, S., Papadopoulou, K.-N., Vassilopoulou, V., & Catchpole, T. L. (2013). Socio-economic and institutional incentives influencing fishers' behaviour in relation to fishing practices and discard. *ICES Journal of Marine Science*.
- Eliason, S. L. (2003). Illegal Hunting and Angling: The Neutralization of Wildlife Law Violations. *Society & Animals*, 11(3), 225–243.
- Eliason, S. L. (2004). Accounts of Wildlife Law Violators: Motivations and Rationalizations. *Human Dimensions of Wildlife*, 9, 119–131.
- Eliason, S. L. (2008). Wildlife Crime: Conservation officers perceptions of elusive poachers. *Deviant Behavior*, 29, 11–128.
- Eliason, S. L. (2012). Trophy Poaching: A Routine Activities Perspective. *Deviant Behavior*, 33(1), 72–87. <http://doi.org/10.1080/01639625.2010.548289>
- Eliason, S. L., & Richard, A. (2010). Techniques of neutralization used by deer poachers in the Western United States: a research note. *Deviant Behavior*, 20(3), 233–252. <http://doi.org/10.1080/016396299266489>
- FAO. (1999). *Uses of Property Rights in Fisheries Management*. *Fisheries Technical Paper*.
- Feeny, D., Berkkes, F., McCay, B. J., & Acheson, J. M. (1990). The Tragedy of the Commons: 22 Years Later. *Human Ecology*, 18(1), 1–19. <http://doi.org/10.1007/BF00889070>
- Field, A. (2009). *Discovering Statistics Using SPSS* (3rd ed.). London: SAGE Publications.
- Filteau, M. R. (2012). Detering Defiance: “Don”t Give a Poacher a Reason to Poach”. *International Journal of Rural Criminology*, 1(2), 236–255. <http://doi.org/10.18061/1811/53696>
- Forsyth, C. J., Gramling, R., & Wooddell, G. (1998). The Game of Poaching: Flok crimes in

- Southwest Louisiana. *Society & Natural Resources*, 11, 25–38.
- Forsyth, C. J., & Marckese, T. A. (1993a). Folk Outlaws: vocabularies of motives. *International Review of Modern Sociology*, 23, 17–31. Retrieved from <http://www.jstor.org/stable/41421592>
